

NOVAS TURONIO

Xornal galego da Área Metropolitana de Vigo

ANO 2 | Edición nº 14 | Febreiro de 2017 | PRECIO 0,50 EUROS

Dez Concellos asinan o convenio para a creación do Geodestino Condado - A Paradanta

Páxina 5

O PSOE sae do goberno de Mondariz

Páxina 10

A Xunta aboará en marzo un millón de euros a propietarios de fincas afectadas pola PLISAN

Páxina 12

Alejandro Lorenzo, único candidato á presidencia do PP do Porriño

Páxina 19



Páxina 15

A Comisión Europea modificará o trazado da liña de Alta Tensión que unirá Galicia e Portugal

O Porriño asina un convenio para a creación dunha grande area comercial


Páxina 16

Camposancos chega a un acordo con Estaleiros Joaquín Castro para manter a súa actividade

Páxina 27

Entrevista a Francisco Castro, escritor, editor e director xeral da editorial Galaxia

Páxina 28



OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

O franquismo na transición

A actual monarquía borbónica carecía de toda lexitimidade de orixe á morte do ditador Franco. Porque o anterior xefe do Estado aceptou vencellar a súa lexitimidade á do réxime do 18 de xullo, mesmo rachando relacións co seu pai, xefe da dinastía borbónica. É dicir, a monarquía española instaurada no 1975 proviña da ditadura, da súa violentísima instauración e do seu ilexítimo desenvolvemento.

A lexitimidade de orixe pertencíalle á Constitución da II República e, no caso de Galicia, ao Estatuto aprobado popularmente no 1936. Mais o réxime franquista non que-

ría ceder as pancas do poder nin someterse ao xulgamento das respnsabilidades penais dos milleiros de franquistas, aínda vivos no 1975, que cometeran delitos de sangue.

Ese foi o rol de Juan Carlos de Borbón. Desenvolver unha solución de compromiso que rachara coa lexitimidade republicana, que agachara a memoria histórica e que permitise a convivencia entre unha nova clase política, filla da transición e o capitalismo castizo de BOE beneficiado polo ditador.

Neste contexto, enténdese o relato lexitimador da monarquía abrollado despois

do 23-F, que lle permite limitar substancialmente o autogoberno de Galicia, Euskadi e Catalunya e construír o bipartidismo dinástico. Esta onda, na Galicia do 1981, privou dos seus escanos no Parlamento de Galicia ao BNPG e botou fóra ao nacionalista Domingos Merino da alcaldía coruñesa.

Dende entón Juan Carlos de Borbón e bipartidismo dinástico son os elementos que dan coherencia ao relato da transición e que explican que sigamos a vivir nun réxime que, nalgúns cousas importantes, non é senón un franquismo reformado.

Mentres, medios solventes como The New York Times, Proceso ou Economía Digital avaliaban a fortuna persoal de Juan Carlos de Borbón canda a súa demisión

entre 1.600 e 2.000 M€. De onde saíron eses cartos?

Semella que da herdanza do seu pai (8M€ entre todos os seus fillos) non foi. E dos soldos percibidos dende 1975 tampouco. Terá que ver, logo, co suposto monopolio fáctico do que supostamente desfrutaba o amigo do Borbón-Manuel Prado- a respecto das importacións de petróleo de Kuwait, Arabia Saudí e Emirados Árabes Unidos? Que significou aquilo de que “el Rey es el mejor relaciones públicas de España”, que tanto escoitamos de nenos e rapaces?



Por: Xosé González

Xil Ríos, o trobador de Moaña

Xil Ríos é unha figura sobranceira da música popular galega. Comezou a súa carreira na década dos anos setenta, acadando en 1973 o premio “Cidade de Ourense” que lle outorgou a IX edición do Festival do Miño pola interpretación da canción “Miña Maruxiña”, composición súa, que entusiasmou ao público que ategaba o pavillón dos deportes.

Desde entón o trobador moañés foi incrementando a súa produción discográfica e as actuacións en todos os recunchos do país e alén do Padornelo, e en programas musicais das televisións. Foi tal o éxito das súas cancións que estas xa forman parte do repertorio das cancións de taberna e das improvisadas troulas en festas e romarías.

Xil Ríos plasmou nas súas letras con acerto e engado poético a solidariedade

coas clases máis desfavorecidas, os mariñeiros, xentes tan próximas a el cos que compartiu moitas veces faenas de pesca na ría; aínda que por imposición das casas discográficas tivera que derivar a outro estilo para poder gravar.

Na exposición de motivos da proposta da AFNLG afirmase o evidente, que Xil Ríos fai parte desa pléiade de grupos musicais que dignificaron a nosa lingua a partir de fin dos anos cincuenta, sendo pioneiros Los Tamara, que por entón facían xiras por Europa á par do Ballet Rey de Viana, que foi o auténtico embaixador no mundo da nosa tradición folclórica.

Foron aqueles anos setenta a década de ouro da música lixeira, acando os primeiros postos de venda e audición na radiodifusión española. Cómpre lembrar a dúas figuras senlleiras, Andrés do Barro e

Juan Pardo, que escribirá algún tema para Xil Ríos, que conseguiron exportar ao mundo o noso idioma a través das súas músicas. O éxito acadado por estes cantantes fixo que grupos musicais non galegos como Los Relámpagos fixeran versión instrumentais da “Alborada de Veiga” e “Muiñeira de Chantada”; ou que Maria Ostiz, aínda que desgrazando unha letra do noso cancionero, fixera popular unha cantiga tradicional, e que mesmo Julio Iglesias se atreve a mesturar o galego e o castelán noutra súa composición que se fixo universal.

Xil Ríos, home fidel á tradición musical foi sempre exquisito nos usos lingüísticos dos seus textos; cantaba como falaba. As súas letras e músicas de doada recordación fan parte xa do noso cancionero popular, e grazas a elas foron varias as xeracións que tiveron maior querencia pola nosa lingua.

Fixo máis Xil Ríos pola normalización

da nosa lingua que moitos escritores. Por esta razón, consideramos oportuna, xusta e intelixente a decisión da corporación municipal de Moaña, e de cantos asinaron a proposta, de concederlle a maior honra que pode recibir un cidadán co título de Fillo Predilecto. Descoñezo neste momento se o goberno municipal ten mentes de perpetuar a memoria do máis grande trobador universal que tivo o Concello, pero se fose posible eu pediría que non quedase só nese recoñecemento institucional e institucionalizasen un festival de música galega que levase o seu nome para premiar a novos valores que fagan posible mil festas máis para a lingua galega imitando o seu exemplo.



Por: Pilar Martínez

Do soño da mancomunidade ao suspenso da área metropolitana

Máis de vinte anos despois do inicio do soño metropolitano, a cidadanía da área viguesa segue sen contar cun instrumento que coordine axeitadamente os servizos que utilizan máis de 500.000 persoas. Transporte e mobilidade, lixo, urbanismo, medio ambiente e infraestruturas constitúen os principais ámbitos de actuación que tería este ente supramunicipal, pero precisamente o pago do transporte é o escollo que frea a súa posta en marcha polas discrepancias entre o goberno socialista de Vigo e o goberno da Xunta, en mans do PP.

Desde que no ano 1986 o al-

calde Manoel Soto iniciara a creación da Mancomunidade de Vigo (integrada por Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Pazos de Borbén, Redondela, Salceda de Caselas, Soutomaior e Vigo) até o recurso contencioso administrativo presentado pola Xunta de Galicia contra a constitución da área metropolitana –hai dúas semanas–, foron sucesivos os intentos para desenvolver o proxecto. Entre eles figuran a aprobación da área na Xunta de Galicia, o 12 de xullo do pasado ano, e o acto de constitución do mesmo, o pasado 1 de decembro.

Porén, desde a presentación do recurso por parte do goberno

galego e a defensa que os concellos de Vigo, Cangas, Moaña, Porriño, Nigrán, Gondomar, Salceda de Caselas e Fornelos de Montes fan da legalidade da área, os cidadáns e cidadás da área viguesa continúan na incertidume sobre a súa viabilidade.

Barcelona, o modelo a seguir

Quizais un dos mellores exemplos de área metropolitana é o de Barcelona, aprobada no 2011 por unanimidade no Parlamento de Catalunya. E non só pola poboación que aglutina, arredor de 3,2 millóns de persoas, senón pola complexidade da súa xestión. Esta administración pública ten competencias nos ámbitos da



planificación territorial e o urbanismo, a mobilidade, o transporte, a xestión de residuos, o subministro de auga, a protección do medio ambiente, a cohesión social, a vivenda social, as infraestruturas e a promoción económica do territorio.

Cifras da AMB

123 km de rede de metro, 1.700 autobuses, 10.500 taxis, 47 parques metropolitanos, 30 km de praias, tratamento de 1,4 millóns de tm de residuos anuais, depuración de 183 hm3 de auga, 658.737.894,44 € de orzamento para 2017.

EDITORIAL

Por: Guillermo Rodríguez

Director



Despois do 15-M

MAITIRENA

Cando tivemos nas mans aquelas pesadas enciclopedias dos anos cincuenta que nos falaban da Historia soubemos que o tempo histórico se repartía entre unha Prehistoria que ninguén sabe a estas alturas cando comezou e logo nas chamadas eras da HISTORIA: Antigua, Media, Moderna e Contemporánea. Pero eu penso que nestes momentos se está a producir un notable cambio histórico que, tal vez, os entendidos chamen xa Historia da cibernética. Porque, efectivamente, nos últimos cincuenta anos nada é igual cada vez que pasa unha década. Os que xa peiteamos ruzas tempos ha parecemos, aos ollos da mocidade actual uns carcas doutros tempos que nada teñen que ver coa súa vida.

Vivimos nunha sociedade rexida por intereses e non somos quen de cambiala; polo menos puideramos facer que os intereses dos que mandan se pareceran un chisco aos da maioría da poboación. Pero non é así. Unha pequena porcentaxe fainos cambiar a vida a toda velocidade. Como se nos fora nela toda a nosa existencia. Antes os intereses dos máis novos apenas se diferenciaban dos intereses de seus pais e aínda dos seus avós. Hoxe un neno de 10 anos vive unha vida que está a anos luz da dos seus avós. A velocidade do cambio é a marca e sinal de todo o existente.

Este desenfrenado ritmo non ía ser menos no campo político, claro. Viviamos nunha especie de burbulla na que se cambiaban os cromos para que nada cambiara. Parecido aos tempos de Franco. Lémbrome a primeira vez que tive contacto nunha xornada electoral. Meu pai, que non quería saber nada de política porque lle traía malos recordos de cando tivera que esconderse para que non o trincaran os franquistas, mandoume a min para abrir un colexio elec-

toral. El fora designado Presidente. Eran os anos cincuenta. Non chegou a pisar o famoso colexio; pola tarde noite os catro caciques da parroquia acordaron facer unha acta (cousa que fixen eu, claro) e puxeron coma votantes efectivos a todos os veciños con dereito a voto que sabían estaban na casa ese día. A votar foran menos dunha ducia. Pouco importaba. Os candidatos xa viñan nomeados dende o concello.

Así seguiron as cousas ata fai pouco tempo. Bueno, a dicir verdade, neste campo os cambios no medio rural non foron demasiados. Coñezo alcaldes que me afirmaron sabían quen os votaba e quen non. Cómo? Misterio que todos coñecemos e que daría para un estudo sociolóxico do rural galego.

Pero o 15-M, queiramos ou non,

pasou. E nas cidades e pobos de certa importancia produciuse unha fractura xa irreparable entre as distintas capas sociais. Xa non hai bipartidismo. Xa non temos partido monárquico e liberal, como noutros tempos que se repartían amigablemente os tempos para gobernar. Tampouco temos os repartos entre socialistas (polo menos de nome) e os conservadores. Hoxe existen outros protagonistas que puxeron do revés o sistema. Ninguén o quere aceptar, pero aí están e viñeron para quedarse. Ríos de tinta, como se dicía antes cando se escribía con tinta, se levan vertido para facernos crer que todo ten que volver a ser igual. Inútil intento. A sociedade xa pasou polas horcas claudinas e voltar atrás suporíalles unha tremenda humillación como lle ocorreu ás tropas romanas. Vivimos xa noutra época. Hai políticos convencidos de que chegare-

mos antes a Marte que a celebrar a chegada do AVE a Galicia, porque a ciencia xa nos pode levar a outro planeta e os políticos que mandan actualmente resistense a cambiar o chip. Galicia para eles segue sendo aquel lugar do noroeste peninsular que dicía o ínclito Aznar. ¿Lémbrense?

Pero non. Isto xa é imparabile. Os meus netos son doutra galaxia. Xa me dan clases de informática e, se me descuido, de calquera outra cousa. Eu, como tantos miles de avós, teño que refuxiarme nos meus libros de antes e nos recordos. Leo, reflexiono, escribo,...

Estamos amigos, noutra era. Dicía o filósofo danés Kierkegaard que a vida só pode ser comprendida mirando cara atrás, pero que ha de ser vivida mirando cara adiante.

Vexamos pois cara adiante esperando que os conductores desta nova aventura histórica non se equivoquen de rumbo. Mellor, descubran ese piloto automático que non precise intervención humana para que non sexa ególatra, insaciable, rencoroso, mala persoa como estamos aturando neste momentos. Un homínido sen alma que non saiba ser malo; que non teña que vivir en palacios coméndolle a suor aos seus empregados. Será verdade?

¡¡Quen o diría nos anos cincuenta cando nin sequera tiñamos carreteras!!



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursoseshpanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Vale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldozero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

OPINIÓN

por: Xoán Bascuas

0 gasto social e a trabada das ovellas

Vivimos tempos nos que a obsolescencia programada sinala un onte permanente. Onde todo debe ser expresado ocupando menos de 140 espazos. Nos que unha imaxe vai asumindo máis forza que mil palabras e nos que nada importa máis que un lema, ou que un slogan publicitario.

É a época na que a política que trunfa é a do discurso baleiro, a do poder do simbólico, a da forza da imaxe e a do impacto da metáfora. Son días nos que hai “partidos instrumentais”, cando todos eles o son por definición (non son todos ferramentas para alcanzar obxectivos?); ou de procesos de unidade popular, como se houbera forzas políticas que non supoñen a suma de xente do pobo; tempos nos que pretende superar as etiquetas da esquerda e da dereita como se esta fose a primeira fin das ideoloxías.

A realidade é que todo isto da nova política xa o vivimos antes. Si. Xa na década dos oitenta había novos movementos sociais e Ofte deixou moito escrito de todos deles. Xa Europa viviu como eses movementos sociais se convertían en forzas políticas. E tamén o vello continente ficou decepcionado pola distancia entre o que se insinuaba que se vai facer. É unha volta aos 80: por un lado, Trump e May, a modo dun mal actor convertido en presidente e a segunda

edición da dama de ferro; e por outro, a pureza da esquerda que vén ao rescate da maioría social, concepto xa acuñado naquelas datas, vítimas dunha crise, xa ensaiada con demasiada frecuencia.

Dicía que son tempos da política feita metáfora. A tal punto de que non se acepte, baixo ningún concepto, que algunha actuación puntual pode ser obxecto de crítica, contribuíndo con isto ao retorno tamén da figura do amado líder. Chégase ao extremo de que se examine ao autor dunha crítica construtiva como o colaborador necesario que o inimigo precisa. Con todo, non menos certo é que tamén son tempos da crítica ridícula, inzada e grotesca, que logo resta credibilidade á que se fai con máis ou menos tino.

Dicía Joyce que as nosas accións son os mellores intérpretes dos nosos pensamentos. Xa que logo, observemos as accións para examinar o contido real do que se fai e do que se deixa de facer de quen afirmou a súa vontade de chegar para mudalo todo.

Ben sei que unha cidade, un país e mesmo o mundo universo non se cambia nun instante. E que todo debe ser gradual (os socialdemócratas levamos esta aprendizaxe no noso ADN). E máis aínda que son mudanzas que afectan aos alicerces mesmos dunha sociedade. E sobre todo, se afectan

ás capas sociais máis desfavorecidas dunha comunidade.

Así, por exemplo, para evitar que existan os desafuzamentos fai falla todo un proceso legislativo que debe nacer do Congreso dos Deputados. Entón, pódese chegar ao poder municipal coa promesa de que non vai haber máis lanzamentos no Concello que se gobernar? Que resultaría máis preocupante: prometer algo que non sabes que non podes cumprir ou prometer algo que sabes que vas incumplir?

Eu comparto que a política actual ou é política social ou non é. Pero nada contribúe máis a desarmar esta premisa que dicir que vas facer política social, que este é un eixo que vertebra o teu programa, para logo vender fume. Quen fai causa dunha renda de inserción para axudar a esa persoa que non son cubertas ou desatendidas pola RISGA, non é posible que tarden un ano en redactar unha ordenanza municipal. E que aínda por riba, deixe fóra á xente como a inmigración irregular. Ou que se acompañe esta medida estrela dunha proposta orzamentaria inicial de 3 millóns de euros; que despois se reduza a 2,1 millóns; e que despois fiquen simplemente no 10% da contía prevista en principio (isto é, que se dispoña de 300.000 euros).

Que conexión hai entre o que se di e o que se fai cando un goberno municipal fai da erradicación do chabolismo unha temática recorrente, para posteriormente só executar 2.300 euros dos pírricos 70.000 destinados a este obxectivo? De que vale in-

crementar o que se vai gastar en servizos sociais se máis adiante non se materializa ese gasto, até o punto de deixar de gastar 6,5 millóns de euros?

Hai quen podería argumentar que a non execución de gasto non é unicamente causa de quen goberna. Pode ser, pero iso tamén é xestión e capacidade de acordo cando non se ten maioría. Hai quen poderá dicir que ao non executar gasto estase a minimizar a débeda alén dos imperativos legais de Montoro. Coidado con ese argumento, porque a nova política acusaba á vella de andar preocupados de aforrar ou de pagar débeda cando a sociedade tiña necesidades básicas sen cubrir.

Houbo quen soubo, e con moito acerto, alentar a esperanza da xente. Pode que a xente remate por non facerlle caso aos medios de comunicación que fan da crítica unha consecuencia dunha triste vendetta. Pero, contrariamente ao que dixo un deputado galego en Madrid, eu coido que a xente non é parva. Pode que perdoen moitas cousas. Pero non creo que desculpen que asasinan a súa esperanza.

O propio escritor irlandés deixou escrito no seu “Ulises” aquilo de que a xente pode soportar que lle morda un lobo, pero leva mal que lle trabe unha ovella. E isto leva camiño de ser unha mala trabada.



HUMOR



FUCO PRADO



PONTEAREAS



Dez Concellos asinan o convenio para a creación do Geodestino Condado - A Paradanta

O pasado 23 de xaneiro, asinou no Salón de actos do Concello de Ponteareas, o convenio para a creación do novo “geodestino” das Rías Baixas.

O convenio de colaboración entre os dez concellos da comarca de Condado e Paradanta, Arbo, A Cañiza, As Neves, Covelo, Crecente, Mondariz, Mondariz Balneario, Ponteareas, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño, que fai case un ano

iniciaron os trámites para crear este novo produto turístico, foi aprobado polos plenos da corporación de cada un dos dez concellos. Esta rubrica permite poñer oficialmente en marcha, a colaboración da Xunta de Galicia, da creación dun destino turístico propio dentro das Rías Baixas, sumándose aos xa existentes noutras comarcas.

O texto establece que a xestión do servizo será realizada polo Concello de

Ponteareas e incluírá os aspectos materiais, técnicos ou de servizo, sexan estes de solicitude dunha subvención, de tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal e de axudas.

O convenio tamén prevé a consituición dunha comisión mixta con representantes por cada concello e a que poidan asistir técnicos dos mesmos.

O comercio de Ponteareas únese na campaña do Día dos Namorados

Por primeira vez, as asociacións comerciais existentes en Ponteareas Asociación de Comerciantes da Praza de Abastos, Asociación de Comerciantes Tea, CCA Ponteareas Comercial, Agrupación Comercial Avda. Castelao e adxacentes e Asociación de Hostalería desenvolven unha iniciativa conxunta de dinamización do sector con motivo do Día de San Valentín, que conta coa colaboración do Concello de Ponteareas e a Casa Cultural de Arcos.

A campaña ‘Ponte a Querer’, sorteará diversos e interesantes agasallos entre os compradores que, entre os días 8 e 17 de febreiro, merquen no comercio local ou consuman nos establecementos adheridos á Asociación de Hostalería.

En total sortearanse 6 vales de ceas para dúas persoas, 2 vales compra, de 50 euros cada un, para o Mercado de Abastos e 17 vales de dúas consumicións.

O sorteo dos agasallos terá lugar o sábado 18 de febreiro, a partir das 13 horas na praza de abastos de Ponteareas, nun acto aberto a todo o público que desexe asistir que, ademais, poderá gozar da actuación musical de Alberto Cunha.

O IES do Barral reclama melloras na seguridade viaria no acceso ao Instituto

O 13 de febreiro tivo lugar unha concentración convocada pola ANPA “Luis Pardo”, na zona de acceso ao IES do Barral. A comunidade educativa decidiu chamar á protesta despois de solicitar en numerosas ocasións a Xunta de Galicia e a Fomento a toma de medidas que acaben coa inseguridade viaria e o risco para

o alumnado na hora de entrada e saída ao Instituto.

Esta situación agrávase neste curso escolar, creando unha gran alarma social, debido a terse producido varios accidentes de tráfico na zona de acceso ao Centro Educativo.

O Ministerio de Fomento ten constancia desta grave situa-

ción, tras a súa comunicación por parte da Concellería de Seguridade Cidadá, á que se lle ten contestado que a zona está debidamente sinalizada.

A Concelleira de Ensino, Cristina Fernández, aclara que “necesitamos iluminación suficiente, pasos de peóns á altura do Instituto, bandas reguladoras de velocidade e a correspondente sinalización, a fin de dar seguridade ao alumnado, ás súas familias e tamén ao profesorado que acude a diario ao IES do Barral”.

O luns 20, está programada outra nova manifestación convo-

cada pola Plataforma “polos nosos fillos” que como a anterior terá o apoio e soporte do Goberno Muni-

cipal. Sairá do Restaurante O Forno de Leña e dirixirase cara ao Concello de Ponteareas.



Restaurante O Rianxo
Algo diferente no Condado



Terraza de verano interior
C/ra. N.120
Vilasobroso - Mondariz
GALICIA - ESPAÑA
Tel.: +34 986 654 434

Nosa Terra RESTAURANTE



Menú obreiro - Pechado luns tarde e festivos
Especialidade en embutidos, carnes e peixes
986 642 052 Rúa Camélias, 10 Ponteareas

ASER GALICIA
CENTRO DE NEGOCIOS
ASESORÍA DE EMPRESAS



salvaterra@asergalicia.com 986 664 292
Curros Enríquez, 8. Salvaterra de Miño
asesoria@asergalicia.com 986 640 015
Rúa Redondela, 11. Ponteareas

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

Concello e Anpa controlan a o Servizo do Comedor Escolar do CEIP Fermín Bouza Brey

A Concellería de Ensino esixe á empresa o cumprimento do contrato e que extreme a calidade dos menús

O CEIP Fermín Bouza Brey de Ponteareas conta por primeira vez neste curso con Comedor Escolar, servizo que foi asumido polo Concello diante da negativa da Consellería a asumilo, compromiso que tamén declinaron asumir os pais e nais.

Para garantir o mellor funcionamento deste servizo, o cumprimento do contrato e sobre todo a calidade dos menús, por iniciativa da concellería de ensino que dirixe, Cristina Fernández Davila, constituíuse unha Comisión de Seguimento na que participa á ANPA "Xiada" do citado centro, a empresa concesionaria e o Concello. Esta comisión tamén estará ao tanto da implantación do proxecto educativo ligado ao propio servizo do comedor, tal e como figura no contrato que foi adxudicado despois dun proceso de licitación pública nunha mesa de contratación con presenza de todos os grupos políticos da Corporación.

A Concelleira de Ensino, deu conta na Comisión de seguimento dos controis realizados á empresa en canto ao cumprimento do contrato así como das análíticas realizadas por un laboratorio independente sobre os menús do Comedor Escolar. Os resultados deste estudio, tanto microbiolóxico como proteínico e de calidade, confirmaron a calidade e o equilibrio alimenticio do menú para o alumnado de entre 3 e 12 anos.

Cristina Fernández quere recoñecer a labor de colaboración da ANPA en todo o proceso dende o inicio do servizo de comedor, as suxerencias de mellora dos pais e nais con respecto aos menús, organización do comedor, instalacións, recollida do alumnado, etc., cuestións que foron aclaradas por parte da empresa concesionaria. "É necesario estar día a día pendente do servizo da empresa para garantir o control de calidade da alimentación ofrecida e verificar as condicións, cantidades e calidades dos menús" manifestou a concelleira de ensino.

Dentro dos controis do comedor e da labor da Comisión de Se-

guimento, recentemente, un grupo de nais acompañadas da Concelleira de Ensino, visitaron as instalacións da empresa concesionaria en Vigo a fin de comprobar "in situ" o procedemento de elaboración da comida servida a diario no Comedor Escolar do CEIP Fermín Bouza Brey. A visita foi cualificada de positiva polas nais participantes que comprobaron tanto o tipo de produtos utilizados na elaboración dos menús como os métodos de conservación dos mesmos.

"É imprescindible que as familias teñan información de primeira man sobre como se desenvolve o Servizo de Comedor Escolar, e poder valorar futuras



melloras tanto no menú como no proxecto educativo a desenvolver por parte da empresa concesionaria, a fin de que podamos ofrecer un espazo de conciliación familiar que facilite a vida cotiá

das familias", explica Fernández Davila.

Un paso máis neste sentido será a elaboración dun Regulamento do Servizo de Comedor Escolar en consenso coa Anpa, que

entre outras cuestións recolla o protocolo para exercer diferentes controis sobre o servizo, no que poderán participar de igual maneira tanto o Concello como os propios pais e nais dos usuarios.

Esquerda Unida reclama un cambio de modelo nos comedores escolares

Segundo o grupo municipal de Esquerda Unida (EU), dende que o comedor escolar do CEIP Fermín Bouza Brey foi implantado neste curso 2016/2017, as críticas non cesan. As familias non están conformes co servizo, bastante deficiente dende setembro debido non só á comida, senón tamén ás instalacións.

Non só a empresa concesionaria é culpable destas deficiencias, senón que EU considera ao Concello de Ponteareas o máximo responsable pola mala xestión deste servizo dende o comezo.

Esquerda Unida defende un servizo de comedor escolar público e gratuíto, con cociña propia e menús ecolóxicos preparados con produto local. "Deste xeito, todas gañamos na nosa contorna creando postos de traballo, potenciando o rural local e proporcionando unha alimentación sa, nutritiva e de proximidade ao alumnado." Ademais, reclama un servizo que funcione incluso nos períodos de vacacións e fins de semana para nenos e nenos en risco de exclusión social.

EU dí que a actual concelleira de ensino (BNG) non só rexeita este modelo de servizo -proposto tamén polas familias no seu momento- senón que tamén rexeitou a modalidade de xestión directa da Consellería que permitiría que os menús do CEIP Fermín Bouza Brey foran preparados na cociña propia do CEIP Virxe dos Remedios, situado a escasos 50 metros. O argumento esgrimido para o empeño na contratación dun cáterin foi a necesidade de aforro para o concello. Deste xeito, os criterios de adxudicación baseáronse primeiro no aforro económico e logo no programa de actividades. Non hai nin un só punto onde se avalíe a calidade dos alimentos ou a proximidade da empresa.

Por outra banda desde EU lamentan que os cambios de criterio do BNG son cada vez máis evidentes. "Lembremos que esta concelleira reivindicaba comedores escolares gratuítos que cubrían toda a demanda e foran xestionados polo concello. Todo isto cando estaba na oposición e lideraba a federación de anpas comarcal."

A Concelleira responde

A concelleira de Ensino do Concello de Ponteareas, Cristina Fernández, desmentiu estas afirmacións nas que acusa aos membros do goberno de "cambio de criterio" e reafirmarse en que "o actual goberno local e o BNG pola que son concelleira, temos moi clara a liña a seguir que foi, dende sempre, solicitar á Xunta de Galicia comedores escolares xestionados pola administración autonómica", acusa a EU de ser "contraditoria cos seus propios argumentos".

Lémballe Cristina Fernández a EU que na proposta levada a Pleno para instar á Xunta a xestionar o comedor escolar do colexio "foron eles os que propuxeron engadir un punto en que se instaba ao Concello a facerse cargo da xestión do comedor no caso de que a Xunta de Galicia se negase a facelo".

Trala reunión mantida pola concelleira de Ensino co secretario xeral técnico da Consellería, reunión na que tamén estaba o alcalde Xosé Represas, dita Secretaría Xeral "deixou claro que a Xunta non ía a xestionar o come-

dor" e a solución que daba era que "durante dous anos, fora a ANPA a que realizara dita xestión ou que, no seu defecto, fora o Concello o que asinase un convenio polo que se lle permitía asumir esa competencia, propia da Xunta de Galicia, por delegación".

Ante a negativa da ANPA a asumir a xestión, engade Cristina, "tivo que ser o Concello o que asinou dito convenio coa Xunta para permitir que os alumnos e alumnas puideran contar con comedor escolar", "non deixa de ser sorprendente que agora, EU, critíquenos polo feito de facer o que eles mesmos propuxeron ao Pleno".

Inicialmente, no mes de setembro, contratouse á empresa que xa estaba a realizar o servizo para a concellería de Servizos Sociais, mentres procedíase á licitación pública do servizo. Logo dun proceso "absolutamente transparente", nunha mesa de contratación con presenza de todos os grupos "entre os que se atopaba EU", matiza Cristina Fernández "a empresa concesionaria comezou a dar servizo o 5 de decembro".

PONTEAREAS

O goberno de Ponteareas propón cobrar unha taxa ás empresas eléctricas e de gas polo uso do dominio público

O goberno local de Ponteareas estuda por en marcha unha ordenanza reguladora para o cobro dunha taxa ás empresas polo uso do dominio público dos tendidos eléctricos e de canalizacións de gas. Para esta regulación é necesario valorar as taxas a aplicar polas liñas eléctricas de alta tensión e o gasoducto.

O alcalde, Xosé Represas, manifesta que o concello debe regular o cobro dunha taxa que grave a ocupación de dominio público da institución municipal, “hai sentenzas que amparan estas ordenanzas e a imposición de taxas ás empresas que utilizan bens de dominio público”.

A Lei Reguladora das Facendas Locais estableceu en 2004 que as empresas eléctricas, de gas, de auga e hidrocarburos están obrigadas a pagar unha taxa fixada por un informe técnico-económico por atravesar o dominio público local, aínda que non os subministren. “Neste momento xa hai sentenzas firmes do Tribunal Supremo que favorecen o cobro destas taxas”.

Ponteareas é un dos concellos con maior extensión da provincia e pola súa configuración e situación xeográfica, soporta varias liñas de transporte enerxético. “Moitas destas infraestruturas, de titularidade privada, utilizan o dominio público de Ponteareas para o seu beneficio e non realizan ningunha aportación ao Concello por esta ocupación”, remarcou o rexedor ponteareán.

Represas tamén se referiu as limitacións e restricións que soportan os terreos municipais pola ocupación das canalización soterradas ou polos tendidos aéreos para estas infraestruturas enerxéticas. Nalgúns casos esta

situación provoca privilexios fronte a outras empresas que non ocupan dominio público local ou que xa o pagan.

O goberno local de Ponteareas entende que o lóxico é que o Concello sexa resarcido economicamente por esta ocupación. A ordenanza fiscal na que o concello está a traballar proporá fixar como impositivo desta taxa a utilización privada ou o aproveitamento especial do dominio público local no solo, subsolo ou voo, polas instalacións de transporte de enerxía cos seus elementos (torretas metálicas, transformadores, caixas, liñas de transporte de enerxía, etc.) como tamén as instalacións de transporte de gas ou outras instalacións que utilicen o dominio público.

Esta taxa sería cobrada ás empresas que utilicen o dominio público de Ponteareas en bene-

ficio particular; empresas que distribúen e comercializan enerxía eléctrica, hidrocarburos, etc., así como todas as instalacións complementarias para prestar os seus servizos no concello de Ponteareas.

O importe das taxas pola utilización privada do dominio público local, será fixado en base ao valor que podería acadar no mercado a utilidade derivada da utilización ou aproveitamento, no caso de que os bens afectados non fosen de dominio público.

Pola súa parte, o concelleiro de facenda, Francisco Alonso, explicou que neste momento, o concello de Ponteareas xa está a aplicar a ordenanza que regula o cobro ás empresas explotadoras pola ocupación do subsolo que no último ano, a aplicación desta taxa supuxo uns ingresos de 172.000 euros.

Ponteareas incrementará as axudas de emerxencia social nun 22%

O Goberno local de Ponteareas vén de anunciar a súa intención de incrementar a contía da partida destinada a Emerxencia Social nun 22%, o que permitirá que pase dos actuais 90.000 euros ata os 110.000 euros. Paralelamente, o Executivo que preside Xosé Represas, incrementará tamén os baremos utilizados nestas axudas “de cara a dar cobertura a un maior número de familias que, na actualidade, non poden acceder ás mesmas”, explica o alcalde.

Os actuais baremos utilizan como referencia o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples, IPREM, un indicador que o Goberno do Estado “ten aínda sen actualizar, cando tería que ser incrementado como aconteceu co Salario Mínimo Interprofesional”, explica o concelleiro de Servizos Sociais, Manuel Troncoso.

“A conxelación do IPREM dende o ano 2010 ata o pasado 2016, provocou unha perda acumulada de 6,2 puntos o que incide negativamente nas políticas de protección social”.

O Concello de Ponteareas non esperará a que o Goberno do Estado actualice ditos valores e, por iniciativa de Manuel Troncoso despois das pertinentes conversas e reunións coas profesionais de Servizos Sociais e que será presentada no Consello Sectorial Social antes de ser levada a Pleno, “incrementará o límite dos baremos utilizados nun 6,5%, o que supoñerá que familias que ata agora quedaban fóra, poidan ser atendidas”.

A Banda de Música Xuvenil de Xinzo renova a Directiva

A candidatura encabezada por Francisco Jesús Represas Carrera (Ponteareas, 1990), músico da agrupación, foi elixida por unanimidade o pasado 11 de febreiro de 2017 para xestionar esta Banda de Música Ponteareá durante o período 2017-2020.

Acompañan na Xunta Directiva ao Sr. Represas Carrera, os seguintes membros: vicepresidente, Blanca Represas Alonso, secretaria, María Represas Alonso, tesoureira, Silvia Fernandes Táboas e vogais, Segunda Carrera Iglesias, Ana María Acebedo Varela e Manuel Collazo Francisco.

Tanto a presidencia como a

maioría dos novos cargos directivos da Banda de Música Xuvenil de Xinzo (BMXX) recaen por primeira vez en músicos de contrastada traxectoria da propia agrupación musical, como eixo da nova organización e liñas de traballo que se desenvolverán no seo da agrupación durante os tres próximos anos.

O principal obxectivo no que vertebrarán tódalas súas accións, será o do crecemento cualitativo e cuantitativo da Banda de Música Xuvenil de Xinzo e da súa Escola de Música. Nestes últimos anos a Banda de Música Xuvenil de Xinzo vén de acadar diversos premios e recoñecementos a nivel municipal, pro-



vincial e incluso autonómico. En palabras do novo presidente “Agora chega o momento de dar un paso máis na nosa consolidación como unha

das bandas máis prestixiosas da provincia de Pontevedra. Pero este crecemento pasa en primeiro lugar por sentar unhas

bases de xestión sólidas nos aspectos organizativos, laborais, administrativos e económicos, que permitan enfocar o futuro máis inmediato con completa seguridade. Acompañándose todo isto dun proxecto artístico novidoso, dinámico e ambicioso”.

milfollas
LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Tel: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Tel: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

Casa Eligio
RESTAURANTE

Tel.: 986 651 047

C/ del Carmen, 2 - A Cañiza

BODEGUILLA PULPERIA
TAPERIA

BERCEO

Rosalía de Castro, 6
PONTEAREAS

Teléf. 986 660 826

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Éxito dos ponteareáns nos Campeonatos Galegos de wushu

A Asociación Deportiva Wudang de Ponteareas vén de pechar a súa participación nos Campeonatos Galegos de Wushu celebrados no Pavillón de Ourense, cun éxito rotundo ao acadar un total de once medallas: oito ouro, un bronce e dúas pratas nas distintas especialidades que compoñen esta disciplina deportiva.

As medallas acadadas polos deportistas ponteareáns quedaban distribuídas do seguinte xeito: Belén Arjones conseguiu a Medalla de ouro en Nanquan feminino senior e medalla de ouro en Nandao feminino senior, Jacobo Mo a Medalla de ouro en Nanquan masculino senior e medalla de ouro en Nangun masculino senior, Maikel Cuña a Medalla de prata en Nanquan masculino senior e medalla de bronce en Nangun masculino senior, Paula Sotelino a Medalla de ouro en Chanquan feminino junior e medalla de ouro en Daoshu feminino junior, Lorenzo Rivera a Medalla de bronce



en Nanquan masculino senior, Sergio Vázquez a Medalla de ouro en Changquan masculino junior e Xes Argüelles a Medalla de ouro en Nanquan masculino infantil.

O éxito da Asociación Depor-

tiva Wudang en Ourense non fai máis, "que amosar o bo estado de saúde que ten o deporte ponteareán nas súas distintas especialidades", sinala o concelleiro de Deportes do Concello de Ponteareas, Benito Márquez.

A Asociación Deportiva Wudang pecha a súa participación con 8 medallas de ouro, unha de prata e dous bronces

200 participantes na Toyota Nipocar Enduro MTB 17

As 9 horas do domingo 19 de febreiro, tomarán a saída os máis de 200 participantes do Toyota Nipocar Enduro MTB 17-Gran Premio Concello de Ponteareas, para percorrer os 35 quilómetros dos que consta unha proba tan espectacular como dura que se desenvolverá nun circuíto moi esixente. De aí a catalogación da súa dificultade como de nivel alto.

Unha das novidades que presenta esta edición 2017 da Toyota Nipocar Enduro MTB será

que as categorías amador e cadete, contarán con tres tramos cronometrados, o que dará maior espectacularidade á proba.

Esta é a primeira enduro do calendario galego e, dende a súa primeira edición, consolidouse como unha das citas máis importantes da especialidade, de tal xeito que, como se sinalaba na presentación "conta con participantes chegados a Ponteareas dende moi diversos puntos da península ibérica".



O concelleiro de Deportes, Benito Márquez, Samuel Esteves, José Manuel Groba Martínez, Miguel Carballo e Juan Nieves na presentación da proba.

Vinoteca
Eira Vella
vinos, tortas, pulpas e docas...

Rosalía de Castro 12 Baixo
Ponteareas
☎ 694 416 706

kidea
agasallos personalizados

Tel. 986 659 430
Rúa Rosalía de Castro, 107
SALVATERRA DE MIÑO

Abzi
PUBLICIDAD

auto na publicidade

GOYA PUB

www.goyacafe.es

GASOLEOS TEA

Distribución Oficial para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIAL E AUTOMOCIÓN
-SERVIZO A DOMICILIO-

REPSOL

Tel. e Fax: 986 61 43 12
Rosalía de Castro, 3 A GUARDA
Tel.: 986 66 13 90 - Fax: 986 66 13 89
Rúa Real, s/n PONTEAREAS

PONTEAREAS

Os Servizos de Emerxencia Municipal sufocan un incendio en pleno casco urbano de Ponteareas

O Concello reclama un acordo entre as administracións provincial e autonómica para que Ponteareas sexa base dun segundo Parque Comarcal de Bombeiros

Cara as 9 horas da mañá do 1 de febreiro, os Servizos de Emerxencia Municipais acudían a sufocar un incendio que se declaraba na cafetería O Xardín, na céntrica rúa Rogelio Groba, fronte á Casa do Concello de Ponteareas.

Todo apunta a que o lume comezou nunha fritidora da cociña do establecemento hostaleiro, provocando unha densa fumareda e o risco de que as lapas prenderan no dobre teito de madeira, poñendo en risco a vivenda superior que tiña tamén chan do mesmo material.

A rápida intervención dos Servizos de Emerxencia Municipal, que precisaron de equipos autónomos de respiración para sufocar as lapas, debido á intensa fumareda que había non interior da cafetería, evitou que o lume estendérase tanto ao piso superior do inmoible, como ás vivendas dos arredores.

A existencia dun dobre teito e a posibilidade de que as lapas estendéranse a través do mesmo, e o perigo que supuñan as bombonas de butano que tiña o establecemento, marcaron as prioridades dos bombeiros ponteareáns á hora de actuar. Unha vez extinguido o lume, procederon a ventilar tanto o local afectado como o outro establecemento hostaleiro situado ao carón do sinistrado.

Afortunadamente, non houbo que lamentar desgrazas persoais e só o propietario do establecemento sufriu pequenas queimaduras nos brazos ao intentar apagar o lume antes da chegada dos bombeiros, sendo atendido en primeira instancia no lugar dos feitos polos servizos de emerxencias médicas e, posteriormente trasladado ao centro de saúde.

O alcalde de Ponteareas, Xosé

celleira de Tráfico e Seguridade Cidadá, Vanesa Fernández, salientaron a necesidade de que as administracións provincial e autonómica "póñanse de acordo" para que Ponteareas, tanto pola importancia e extensión do municipio, coma pola súa situación estratéxica, sexa base dun segundo Parque Comarcal de Bombeiros". Este segundo parque comarcal, ao entender do Concello Ponteareán, "debidamente dotado de medios humanos e materiais", permitiría cubrir con garantías, amais de Ponteareas, "os concellos do Condado e A Paradanta que quedan bastante afastados da cobertura que lles poida prestar o



Represas, que seguiu de preto as labores de extinción coordinando a actuación das mesmas, salientou "a rapidez de resposta dos servizos de emerxencia municipal que chegaban ao lugar dos feitos en pouco máis de dous minutos dende que se dera a voz de alarma".

Tanto o alcalde como a con-

Parque Comarcal do Porriño e que, polo tanto, teñen un tempo de resposta maior". O alcalde Xosé Represas lembraba que, como se puido comprobar hoxe no incendio de Ponteareas, "o tempo de resposta pode marcar a diferenza entre un sinistro con danos materiais e unha auténtica catástrofe".

Ponteareas recibiu aos Erasmus do Centro Archbishop McHale College de Tuam, Irlanda



Oluns 13 de febreiro, chegaron á vila de Ponteareas 15 alumnos e os seus profesores, procedentes de Tuam (Irlanda), localidade coa que se comparte un proxecto Erasmus + do que forman parte o IES do Barral, IES Pedra da Auga, IES Val do Tea e o Concello de Ponteareas.

Esta viaxe, que se prolongará ata o 20 de febreiro, está enmarcada no proxecto Erasmus concedido o pasado ano á vila de Ponteareas e aos seus Institutos. Terá unha vixencia de tres cursos escolares, e busca poñer de manifesto a situación actual das lín-

guas gaélica e galega e a súa relación co castelán e o inglés respectivamente. Amais, trataranse tamén aspectos de interese común referidos ás culturas galega e irlandesa en xeral.

Durante o presente curso o traballo estará centrado nas respectivas linguas e nas artes plásticas, e durante esta semana tanto o alumnado galego como o irlandés traballará conxuntamente nos centros, desenvolvendo diversas actividades en todas as xornadas. Esta visita será correspondida no mes de maio polo alumnado de Ponteareas, que viaxará a Irlanda.

I FESTA DOS CALLOS PONTEAREAS

19 DE FEBREIRO

(APARCAMIENTO AVD CASTELAO)

CAZOLA 20 CM

Mercado artesanal, hinchables para nenos, música en directo, paíños, etc

Información e reservas: 608 88 16 09 Horario: 10:00 a 24:00h

Organiza: Colabora:

AGENTE007.es

¿CREES QUE TE ESPÍAN?
¿SOSPECHAS DE ALGUIEN?
¿QUIERES VIGILAR TU COCHE O TU CASA?

En nuestra página web tenemos todo lo que necesitas:

- CÁMARAS ESPÍAS
- MICRÓFONOS OCULTOS
- LOCALIZADORES GPS
- EQUIPOS DE SEGURIDAD

Telf: 633417007

email: info@agente007.es

www.facebook.com/agente007.es

www.twitter.com/agente007.es

CONDADO/PARADANTA

MONDARIZ / COVELO

O PSOE sae do goberno de Mondariz, o BNG ofrécese para a alcaldía e AxM convida ao diálogo pero defende a súa lexitimidade

Logo da dimisión como membro do Goberno da socialista Marina Alfaro e o seu paso a oposición no pleno do 28 de xaneiro e de que os sete concelleiros da oposición - 3 do PP, 2 de BNG, 1 de MsT e 1 do PSOE, fronte a abstención dos 4 de AxM - votasen a favor da convocatoria dun pleno extraordinario para que se consensúe con tódolos grupos o destino dos 500.000€ dos fondos do Plan Concellos 2017 da Deputación de Pontevedra e o das partidas presupostarias destinadas a inversión, a tensión acréscentase no Concello de Mondariz.

A Concelleira do PSOE acusou ao grupo de goberno de falta de diálogo e transparencia e mesmo de tela maltratado verbalmente e sufrir situacións humillantes e o voceiro do BNG Xosé Emilio Barros ofreceuse para encabezar un novo goberno capaz de chegar a acordos co resto da corporación.

O grupo Alternativa por Mondariz ao que pertence o Alcalde Carlos Bugarín "Calis" saíu ao paso contestando cun comunicado no que convida a dialogar á oposición para chegar a acordos pero reafirmase en tomar as decisións que lexitimamente lle corresponden.

O pasado 27 de xaneiro o BNG proclamou publicamente que "asumía a súa responsabilidade política de explorar as opcións para encabezar o cambio que o goberno de Mondariz necesita". Esta declaración de intencións só se pode levar a cabo a través dunha moción de censura pactada conxuntamente, entre outros, polo BNG (2 edís) e o PP (3 edís). AporM fai un chamamento público aos nacionalistas para abandonar definitivamente o seu resentimento, pasar páxina e iniciar unha nova etapa de diálogo construtivo e sincera co goberno municipal.

O PSOE faltou á verdade cando afirmou no último pleno ordinario que o alcalde "maltratara verbalmente" á representante socialista. Tal e como replicou na mesma sesión Xoán Carlos Montes Bugarín, esta afirmación é total e rotunda-

mente falsa, unha mentira que só busca quentar e enrarecer artificialmente a situación política municipal. AporM nega, ademais, de forma taxativa e categórica, que ningunha das súas decisións tomadas polos goberno municipal respondese a intereses particulares e non xerais. O tempo do caciquismo, a discrecionalidade e o trato de favor en Mondariz acabouse en maio de 2015 e, mentres AporM estea no goberno, non volverá á Casa do Concello.

É unha auténtica mágoa que o BNG e o PSOE esqueceran tan axiña o trato recibido en varios plenos na etapa de goberno do PP, chegando incluso a ter que suspender algún pleno por insultos.

Este camiño elixido polo BNG e o PSOE de negociar coa dereita e negarse a chegar a acordos con AporM vai en contra do beneficio das veciñas e veciños de Mondariz,

Plan Concellos

O pleno extraordinario solicitado pola oposición para decidir o destino dos fondos do Plan Concellos será "un teatro" máis, pois eles saben que o pleno non ten delegada esa competencia. A oposición de Mondariz gasta os cartos públicos de Mondariz nunha manobra partidista unicamente para intentar atacar ao goberno. Neste sentido, dos 60 concellos da provincia beneficiarios do Plan Concellos, ningún deles celebra un pleno extraordinario para decidir que obras executan con eses fondos. En concellos como Ponteareas ou O Porriño, gobernados en minoría por BNG e o PSOE respectivamente, é o alcalde e o grupo de goberno quen lexitimamente decide o destino destes fondos, non a oposición.



Respecto do PSOE local, este grupo, mentres formou parte do goberno local, nunca demandou ata agora que o Pleno tomase as decisións que lle corresponden ao executivo.

AporM fai un chamamento público á oposición municipal, en especial a BNG e PSOE, para que fagan un traballo construtivo e útil en favor da veciñanza. Por lei o labor da oposición é o de fiscalizar o labor do grupo de goberno, así como o de propoñer iniciativas, pero nunca o de substituír a este nin ao alcalde nas súas responsabilidades executivas.

Desde que AporM chegou ao goberno convocou en varias ocasións a todos os grupos da oposición para pactar o destino dos investimentos municipais. Nunca foi posible chegar a acordos e as reunións acabaron sempre en declaracións teóricas e maximalistas, pero nunca en propostas concretas e realizables.

AporM fai unha chamamento a oposición para que abandone o partidismo, unha dialéctica política que só beneficia aos partidos, pero non aos veciños e veciñas que, de forma maioritaria, apostaron por un cambio nas últimas eleccións municipais.

21 traballadores para Covelo no Plan 2017

O Concello de Covelo destinará un total de 118.223,61 € para a contratación de 21 traballadores ó longo do ano 2017, grazas á liña 3 de emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais do Plan de Obras e Servizos, Plan Concellos, da Deputación de Pontevedra, dos que 100.696,99 son achegados pola Deputación e 17.526,62 polo Concello.

Deste xeito contrataranse

durante seis meses, cunha xornada de 30 horas semanais, 5 peóns forestais, 4 peóns de albanería, 4 peóns de limpeza, 1 conductor de camión e 1 carpinteiro, con contratos de 3 meses a 2 peóns de limpeza e 1 socorrista e cun contrato de 10 meses a 2 peóns de recollida de lixo e 1 mecánico.

Os requisitos para acceder aos postos pódense consultar no Boletín Oficial da Provincia de 30 de decembro de 2016.

O Club Ciclista Ponteareas comezou a pretempada en Mondariz



O Club Ciclista Ponteareas leva un tempo preparando a tempada 2017, con adestramentos por todo o Condado e localidades limítrofes. Dentro da preparación, realizaron unha concentración os días 27, 28 e 29 de Xaneiro en Mondariz.

O equipo técnico dirixido por Jose Francisco Veiga García e a Directiva quixeron facer unha aposta saíndose do habitual e convidando á concentración ás categorías Infantís, Cadetes e Xuvenís, os cales pasaron os tres días seguindo as

indicacións do equipo técnico e adestrando polas estradas e lugares da localidade.

Así mesmo o sábado 28 realizaron unha comida de confraternización de todas as categorías do Club e seguidamente realizaron coa axuda do Concello de Mondariz unha actividade na Praza de España, na que todas as categorías realizaron unha Gimkana Ciclista participativa para todos os nenos que se achegaron a gozar dun pequeno circuíto en bicicleta.

Castelo
MUEBLES

Castelo 2
MUEBLES

ATENCIÓN AL CLIENTE
609 288 188

TEL: 986 654 312
Ctra. General, nº 66. VILLASOBROSO

TEL: 986 642 925
Avda. Castelao, nº 26. PONTEAREAS

www.mueblescastelo.es - mueblescastelo@hotmail.com

A Cañiza elexida para celebrar o XVI Día Nacional do Sendeirista

A Cañiza converterase durante os días 28, 29 e 30 de abril e 1 de maio na sede e punto de encontro desta actividade organizada pola Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME), onde se cita a todos os sendeiristas que desexen camiñar en territorios de excelencia sendeirista da xeografía española. É a primeira vez que a FEDME escolle un municipio galego para celebrar estas xornadas.

Alberto Canle, Portavoz de Sendeirismo da Federación Galega de Montañismo reuniuse co Alcalde de A Cañiza, Miguel Domínguez para empezar a preparar estas xornadas que teñen como obxectivo principal mostrar á comunidade senderista nacional territorios e comarcas ideais para gozar dunhas vacacións de sendeirismo.

Nesta 16 edición A Cañiza foi a localidade elixida por contar e conservar altos valores ambientais, pola presenza de patrimonio



un gran impulso para o turismo e a economía local de A Cañiza, nun ano que ademais se inaugurarán tres novos carreiros". Para Miguel Domínguez "esta celebración converterase tamén nun escaparate desde o cal se poderá proxectar a zona nos ámbitos turísticos e deportivos, máis aló da nosa Comunidade Autónoma".

Durante os días 28, 29 e 30 de abril e 1 de maio A Cañiza recibirá un número considerable de visitantes que poderán descubrir as inmensas posibilidades que as serras de Paradanta e Avión ofrecen en canto á práctica do sendeirismo e a outras ofertas en turismo de interior, cultural, hostaleira, gastronómica e de deportes de aventura.

Na reunión preparatoria Alberto Canle, Portavoz de sendeirismo da Federación Galega de Montañismo, presentou ao Alcalde toda a programación para os catro días indicando a elección dos trazados que se percorreren e que discorren polas marxes e ribeiras dos ríos Calvo, Deva, Xabriña e Tea e forman parte dos itinerarios PR-G 95 Sendeiro de Vos Carranos, PR-G 119 Ruta do Xabriña e PR-G 165 As Fragas e Levadas do Calvo e Deva.

Toda esta información poderase ir consultando na páxina da Federación Galega de Montañismo, a través da web 16dianacional-delsenderista.com



histórico, natural e etnográfico, por contar con carreiros homologados e dispoñer dunha oferta hostaleira de recoñecido prestixio, baseada no xamón e os produtos cárnicos.

A elección da Vila para a celebración destas xornadas é todo un recoñecemento que o Alcalde Miguel Domínguez quixo agradecer tanto á Federación Galega de Montañismo como á Federación Española FEDME, xa que, en palabras do Alcalde "sen dúbida supondrá

O Tempo da Aldea, Sociedade Cooperativa Galega gaña o III Premio "Río Tea á Defensa do Medio Ambiente"

Xa van tres edicións do Premio "Río Tea á Defensa do Medio Ambiente", creado polo Grupo Ecoloxista ADENCO co obxectivo de destacar iniciativas de interese para o Medio Ambiente. Nas dúas edicións anteriores foron galardoados a veciñanza de Ribadetea na súa loita para evitar a aplicación de produtos fitosanitarios nos montes da parroquia e a Plataforma SOS Xardíns de Mondariz Balneario, na súa defensa do patrimonio histórico e natural fronte á desenvolvemento urbanístico irracional, no 2015, e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Paraños pola súas iniciativas no monte, no 2016.

Nesta terceira ocasión, o Premio do Colectivo Ecoloxista recae en "O

Tempo da Aldea, Sociedade Cooperativa Galega". Desde ADENCO considérase de grande interese a aposta de O Tempo da Aldea por crear futuro no rural a partir do aproveitamento dos seus recursos propios, mantendo e conservando o patrimonio ambiental e cultural de Rebordechán (Creciente). O Grupo Ecoloxista quere salientar o importante traballo que está a realizar a entidade de Rebordechán e, coa concesión do "Premio Río Tea á Defensa do Medio Ambiente", trata de achegar un pequeno pulo para que a entidade cooperativa, na que participa a Comunidade de Montes e a veciñanza da aldea, poida conseguir os seus obxectivos e levar adiante o seu Proxecto.

Semana das Ciencias no IES de Salvaterra

Entre o 13 e o 17 de febreiro, o IES Salvaterra celebra a súa III Semana da Ciencia. A rutina do centro educativo québrase de luns a venres, pois o alumnado de todos os niveis vai mostrar os experimentos ensaiados nos últimos meses e que abranguen campos como a química, a xenética, a robótica ou a física.

O instituto acollerá unha ducia de experimentos cada día, pero ademais podemos participar ao longo de toda a semana de xogos matemáticos, obradoiros de reciclaxe e exposicións permanentes sobre os nosos científicos, a química do amor, ou a pirámide alimenticia.

Todos os días da semana teñen ca-

dansúa conferencia, de moi diferentes temáticas para os diferentes niveis. Deste xeito, van visitar o centro profesionais de Meteogalicia, o investigador e divulgador científico Xurxo Mariño para falar da neurociencia, e tamén expertos na doazón de órganos, os primeiros auxilios ou a utilización segura das novas tecnoloxías.

Nesta semana o IES de Salvaterra vai recibir a visita dos escolares de todo o Concello, para que poidan gozar co alumnado de secundaria dunha ciencia divertida, activa e para todas e todos. O Concello de Salvaterra tamén colabora co evento para que todos os visitantes leven un recordo das xornadas.

LIMPIEZAS PONTAREAS

Comunidades, Colexios, oficinas
cristalerías, moquetas, abrillantado
de autos, primeiras obras,
limpeza de fachadas

Rúa As Lavandeiras, 3 Baixo
36860 PONTAREAS
Telf. y Fax: 986 601 652

AGROITIS

Análises de Viño - Asesoramento Técnico
Productos Agrícolas, Enolóxicos e fitosanitarios

986 642 507

Rúa Ciclista Delio Rodríguez, 4 baixo
Ctra. de Salvaterra Ponteareas

ALBARIÑO
Viña Araujo
RIAS BAIXAS
DENOMINACION DE ORIGEN

Telf./fax : 986 658 066
Porto-Praza, 5
www.adegaaraujo.com

CONDADO/PARADANTA

AS NEVES / SALVATERRA

As Neves promociona a súa gastronomía en Xantar

O Concello das Neves xunto cos restauradores, adegas e cooperativa do requeixo e mel presentaron en Ourense o stand das Neves no Salón Internacional do Turismo Gastronómico.

Neste evento promocionáronse os produtos neveses de alta calidade, lamprea, viños, requeixo; e tamén As Neves Estación Cultural, o proxecto cultural do Concello para todo o ano.

O Alcalde das Neves, Xose Manuel Rodríguez Méndez, participou



na inauguración e tamén na degustación presentación, o sábado

4, a que convida a todas e todos a desfrutar dos produtos neveses.

31 prazas no plan de emprego das Neves para 2017

O Concello das Neves presenta o seu plan de emprego para todo o 2017 no que se contratarán alomenos 31 persoas desempregadas.

Estás contratacións estarán financiadas co orzamento do Concello e con achegas ou pro-

gramas da Deputación e da Xunta de Galicia.

O plan de emprego conxuga facilitar a empregabilidade e por tanto loita contra o desemprego, coa prestación eficaz dos servizos a cidadanía. Para conseguir isto, solicitanse candidatas e candidatos

ao SEPE (antigo Inem). Para algúns postos de traballo máis técnicos haberá un proba práctica e para os demais non. Case tódolos postos superan os 6 meses de contratación e algúns chegarán aos 10 meses e medio, tentando achegar o máis posible a xornada completa.

Contraranse auxiliares administrativos para o concello, servizos sociais e biblioteca, auxiliar de axuda no fogar, conductores de camión

tractoristas, oficiais de obras e xardinería, peóns forestais, peóns de obras, persoal de limpeza, peón para o punto limpo, fontaneiros, socorristas, monitores.

O Alcalde nacionalista, indica que loitar contra o desemprego é unha prioridade tentando que sexa emprego digno e tamén adianta que As Neves contará con persoas becarias para desenvolver practicamente a súa formación.

A Xunta aboará en marzo un millón de euros a propietarios de fincas afectadas pola PLISAN

A Xunta publicou no Diario Oficial de Galicia a convocatoria dos propietarios das fincas afectadas polas expropiacións de solo para o desenvolvemento da Plataforma Loxística de Salvaterra-As Neves. Así, o próximo mes de marzo a Consellería de Infraestruturas e Vivenda procederá ao pago de algo máis dun millón de euros.

O DOG publica a relación de propietarios citados para a sinatura das actas de pagamento complementarias os días 7, 8, 14 e 15 de marzo de 2017 no concello de Salvaterra de Miño.

Estes pagos súmanse aos realizados nos anos 2015 e 2016, que afectaron a 764 fincas, cun importe total nos dous anos de preto de 915.000 euros que se suman ao 1.088.371,42 euros

que se pagarán no próximo mes de marzo.

Con este abono, os promotores da PLISAN darán cumprimento ás sentenzas da Sala do Contencioso-Administrativo do

Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referidas a 552 fincas expropiadas.

Actualmente, estanse executando as obras da primeira fase dos sistema xerais

desta infraestrutura industrial, que se iniciaron en outubro de 2015 e se rematarán no primeiro semestre do presente ano.

O solo da PLISAN estará a disposición das empresas este mesmo ano, cun prezo moi competitivo: 50 euros por metro cadrado para os 100.000 metros cadrados que primeiro se vendan.



o remendón

Cerraxería
vivienda - automóbil - chaves

Reparación de calzado

Tlf. 637 764 865
cerrajeroremendon.com
Rúa Raíña Dona Urraca, 20-baixo-3
Salvaterra de Miño

ELECTRICIDAD IN. M. A. C. CONDADO. S.L.

Jorge Ferreira Bouzo
Instalador Autorizado PO-1923

- Instalacións e montaxes eléctricas en xeral
- Calefacción eléctrica
- Alumbrados públicos
- Estudos e proxectos de aforro enerxético
- Servizo de averías e mantemento **24 Horas**

Tel: 986 65 82 07 - Móvil: 633 86 01 55 - E-mail: administracion@electricidadcondado.es
Edif. Ind. Chou de Pena, Nov. 1 - 35453 SALVATERRA DE MIÑO

BIMCA, S.L.

FERRETERÍA Y MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN
PAVIMENTOS Y AZULEJOS
PINTURAS, SANEAMIENTOS, ELECTRODOMÉSTICOS

C/ Rosalía de Castro, 99. SALVATERRA DE MIÑO
Telf. 986 659 362 - 986 658 514 - Fax 986 658 274
e-mail: bincag@bimca.com www.bimca.com

Forjados Hnos. Durán S.L.

Fábricas y Oficinas:
Santiago de Ribarieme, 1
36147 AS NEVES (Pontevedra)

Tel: 986 648 130
Fax: 986 648 630
e-mail: duran@forjadosduran.com
http: www.forjadosduran.com

Ler e Punto

LIBRARÍA EN XERAL - PRENSA
COPIAS - FAX - RECARGA DE MÓBILES
MERCEERÍA - LABORES - LÁS
MANUALIDADES - AGASALLOS

Tel: 986 648 114 - 607 577 147
ENTRADA de AS NEVES
Fronte á gasolinería, a xunto a XES

Panadería Pastelería A Fogaza

Pan Artesano

Daria Bugallal, 7 Pontenoves
Telf: 886 15 52 49 - 661 95 84 79

SALVATERRA DE MIÑO

O Entroido chega a Salvaterra

Un ano máis o Concello de Salvaterra presenta a súa programación para o Entroido, en torno a dous eixos, o Festival Infantil e o Enterro da Lamprea. Os Centros Educativos do Municipio son os encargados de abrir os actos do entroido co seu xa tradicional Desfile, que terá lugar o venres 24 de febreiro, dende a Praza do Concello ata o Auditorio do Parque Público A Canuda, en caso de choiva trasladarase ao Pavillón de Leirado.

O Martes 28 é o día dos nenos e nenas de Salvaterra, a partir das 17.30 horas a Casa de Cultura ofrecerá diversas actividades para eles, dende karaoke ao Concurso de disfraces, todo isto acompañado de rosca e chocolate para todos os asistentes. As bases do Concurso de Disfraces están a disposición de todos aqueles que as queiran na páxina do Concello (www.concellodesalvaterra.org).

O mércores 1 de marzo, ás 17.00h, na Praza do Concello (en caso de choiva suspenderase) todos os cativos que se acheguen poderán desfrutar de música, globoflexia, maquillaxe e tatuaxes de fantasía.

E como non, o Entroido en



Salvaterra péchase ao grande, co ENTERRO DA LAMPREA. Este ano, cun presuposto de 5.500€, xa están confirmadas máis de 12 carrozas de toda a contorna, con máis de 1.200 participantes neste desfile que ano a ano vaise consolidando, con miles e miles de persoas que se achegan ao noso municipio para darlle o último adiós a nosa querida lamprea. Dende o Concello queremos animar a tod@s aqueles que lle guste o entroido, a participar con nos, dentro da propia comitiva da defunta, como choronas e facer con ela o seu último percorrido.



CONDADO/PARADANTA

ARBO

O Concello de Arbo presenta a LVII Festa da Lamprea na Casa de Galicia de Madrid

As instalacións da Delegación da Xunta en Madrid/Casa de Galicia foron o escenario elixido polo Concello de Arbo para presentar en Madrid a profesionais do sector turístico e medios de comunicación a “Tempada da lamprea 2017” e a “LVII Festa da Lamprea”, que terá lugar o último fin de semana de abril, do día 28 ao 30, por primeira vez como Festa de Interese Turístico Nacional.

Na presentación, que tivo lugar esta tarde, interviñeron o alcalde de Arbo, Horacio Gil Expósito, o presidente do Consello Regulador Rías Baixas, Juan Gil Araujo, a directora xeral de Turismo, Nava Castro González, a secretaria de Estado de Turismo, Matilde Pastora Asián González, que pechou o acto, e o delegado da Xunta e director da Casa, José Ramón Ónega López. Entre os asistentes ao acto estaban a directora da Escola Superior de Hostalería de Galicia, Marta Fernández Vázquez, o presidente da Fundación Segundo Gil Dávila, de Arbo, Antonio Vieitez, e membros da corporación municipal de Arbo e do Consello Regulador Rías Baixas.

O delegado da Xunta en Madrid e director da Casa de Galicia, José Ramón Ónega, agradeceu ao alcalde Horacio Gil que trouxese á Casa a presentación da nova tempada e a LVII Festa da Lamprea, peixe prehistórico do que dixo que é “manxar que namora” e do que Arbo é capital, ademais de feudo do augardente “preparado de forma artesanal”.

Tamén tivo palabras de recoñecemento para o municipio de Arbo, do que afirmou que “é un paraíso que combina o val do Deva e do Cea. A veciñanza de Portugal engade unha vocación de terra limítrofe que comunica,



O presidente do Consello Regulador Rías Baixas, Juan Gil, a directora xeral de Turismo Nava Castro, a secretaria de Estado de turismo Matilde Asián, o alcalde Horacio Gil e o delegado da Xunta en Madrid e director da Casa de Galicia, José Ramón Ónega.

relaciona e comparte”. “Aquí os señores feudais construíron fortalezas e máis tarde os pazos exhibiron a súa planta señorial”.

O alcalde de Arbo, Horacio Gil, sinalou que os “maiores bens” do seu municipio, de algo menos de 3.500 habitantes, son o viño e a lamprea, recurso este último do que lembrou que “leva existindo máis de 500 millóns de anos, é un dos primeiros vertebrados”, e que grazas á súa abundancia en Arbo especializáronse na súa preparación e levan xa 56 anos celebrando “unha das festas gastronómicas máis antigas de Galicia”. Resaltou que “o ano pasado declarouse esta celebración como Festa de Interese Turístico Nacional, polo que esta LVII edición celebráremola coa cabeza aínda máis alta”.

“Eses días, a lamprea e o viño serán o centro de atención, que tamén desputan en agosto, cando explotamos a versión seca deste peixe noutro evento, aínda que o resto do ano tamén hai

boa e variada gastronomía, como é imperativo en Galicia”, engadiu o alcalde, que tamén sinalou outras posibilidades para gozar de Arbo, como o turismo rural, o deporte de aventura e “un gran patrimonio inmaterial cheo de lendas, crenzas e rituais de carácter místico e relixioso”. Así puido verse inmediatamente despois da súa intervención, coa proxección dun vídeo promocional sobre o municipio.

Juan Gil, presidente do Consello Regulador Rías Baixas, explicou que “para os devotos do viño, Arbo, xunto con toda a subzona do Condado e a Denominación de Orixe Rías Baixas na súa totalidade, ofrece algúns dos mellores brancos do mundo, sen esquecer os sorprendentes tintos ou dos emerxentes espumosos”. “Coa base do albariño como variedade principal, pero co concurso tamén das demais variedades desta marabillosa terra, Arbo pode presumir, coa cabeza moi alta, de ofrecer unha colección de viños que satisfarán aos máis esixentes consumidores”.

A directora xeral de Turismo, Nava Castro, resaltou que “a Festa da Lamprea de Arbo recibiu a declaración de Interese Turístico Nacional o pasado ano, unha merecida distinción que demostra tanto a antigüidade, arraigamento e continuidade da festa como a súa singularidade” e que “esta festa é unha das celebracións gastronómicas populares con máis tradición e máis peculiares de Galicia, e contamos

con máis de trescentas”. Castro referiuse á lamprea como “un dos produtos máis auténticos de Galicia”, que presentou unido a “os estupendos caldos de uva albariño do municipio”.

Expuxo así mesmo que en paralelo á Festa da Lamprea en Arbo celébranse distintas actividades “que permiten ao visitante gozar do mellor desta terra”. Tamén que en Arbo souberon sacar partido á lamprea durante todo o ano, a través da denominación seca. “Como complemento a esta festa, desde Turismo de Galicia creamos un novo produto turístico ao redor deste particular pescado e a súa captura, a Ruta da Lamprea” que combina numerosos recursos vinculados a este produto “en cada unha das zonas dos tres ríos nos que habita en Galicia, Miño, Tambre e Ulla” e que “potencia a oferta turística dos dezaoito municipios que a integran”, explicou.

Matilde Asián quixo mostrar coa súa presenza o apoio do Ministerio a esta festa gastronómica que se celebra desde 1961. A secretaria de Estado sinalou a visión turística de quen a iniciou e destacou a oferta de Arbo como destino turístico, declarando que “foi un pracer declarar Festa de Interese Turístico Nacional” á Festa da Lamprea. “A gastronomía é un elemento indisoluble da experiencia turística e está estreitamente vinculada ao territorio, polo que iniciativas como esta contribúen positivamente ao sector turístico”, engadiu.

A Festa da Lamprea en Fitur 2017

O obxectivo de promover máis aló da xeografía galega a popular e afamada festa da Lamprea de Arbo, o Alcalde assistiu a Fitur 2017.

A Festa da Lamprea, declarada de Interese Turístico Nacional, forma parte dos 11 eventos con este recoñecemento en Galicia.

Este ano a festa da Lamprea celebrárase de maneira máis especial por ser recoñecida con este distintivo, un distintivo que recoñece tanto a antigüidade, como o arraigamento e a continuidade da festa desde o ano 1961.

No seu discurso o Alcalde, Horacio Gil, recoñeceu “que a festa da Lamprea pretende render homenaxe e agradecer aos pescadores, aos hostaleiros, aos cocineiros e cocineiras, que seguiron cociñando a Lamprea ao longo de tantos anos e que transmitiron de pais a fillos as receitas para mantelas vivas. E por suposto aos medios de comunicación por transmitilo e conseguir que a cultura de Arbo chegue a todas partes.

Horacio Gil, fixo referencia ás pesqueiras, as praias, os carreiros, do patrimonio cultural e histórico, dos viños con DO Rías Baixas e da ruta da Lamprea, un proxecto turístico onde coa colaboración da Axencia de Turismo de Galicia que pretende dar a coñecer o importante patrimonio que rodea á Lamprea e á súa captura e que foi premiada en Fitur 2017 co galardón “premios excelencia Gourmet” polo “grupo excelencia”.



A CE propoñerá un novo trazado da liña de alta tensión que unirá Galiza e Portugal ante a inaceptabilidade social

A eurodeputada Lidia Senra, acompañada pola concelleira de Arbo, Fabiola Durán, reuníronse en Bruxelas con Catharina Sikow-Magny, xefa da unidade B1 da Dirección Xeral de Enerxía da CE

A Comisión Europea acaba de anunciar a retirada do proxecto de construción dunha liña eléctrica de alta tensión transfronteiriza entre Galiza e Portugal e a presentación dun novo trazado en próximas datas. Fixoo durante a reunión que a eurodeputada galega Lidia Senra, integrada no Grupo Confederal da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) mantivo esta mañá cunha representante da Dirección Xeral de Enerxía da Comisión Europea, na que tamén participou Fabiola Durán, concelleira en Arbo, un dos municipios afectados por este proxecto transfronteirizo promovido por Red Eléctrica Española e a portuguesa Rede Eléctrica Nacional que prevía o paso dunha liña de alta tensión a tan só 20 metros de distancia de casas habitadas e que acadou unha forte constatación social ás dúas beiras do Miño. Por este motivo, o promotor portugués xa retirara o seu proxecto,

situación que deixaba sen sentido o polémico trazado polo sur da provincia de Pontevedra.

Catharina Sikow-Magny, xefa de unidade B1 da Dirección Xeral de Enerxía da Comisión Europea, explicou que tanto as autoridades portuguesas como españolas están ao tanto da existencia dun novo proxecto, que polo momento non foi feito público, de interconexión de electricidade entre Portugal e Galiza. Para o novo trazado deberá facerse unha nova avaliación ambiental e consultas públicas coa

desenvolverá a nova consulta pública", asegurou a eurodeputada galega ao ser informada das novidades arredor deste proxecto. Tamén Fabiola Durán, concelleira en Arbo, aplaudiu a capacidade dos veciños e veciñas para facer oír o seu descontento. "Grazas á mobilización social das veciñas e veciños de Arbo e do resto dos pobos afectados conseguiuase cambiar o trazado desta liña de alta tensión", dixo.

Sikow-Magny confirmou que o novo trazado proposto percorrerá, no tramo galego, o sur da provincia de Pontevedra como o facía o seu predecesor, pero que pasará máis afastada de núcleos habitados. A representante da Comisión Europea comprometeuse, ademais, a pedir máis in-



A europarlamentaria e a edil galegas destacan, tras a confirmación da representante comunitaria, que a mobilización social foi fundamental para parar este proxecto

poboación afectada, segundo explicou. "É unha data na que realmente o valor da mobilización social se pon de manifesto. Nós imos seguir moi pendentes para coñecer o novo trazado e como se

formación sobre esta nova proposta e a transmitila á veciñanza da comarca en canto sexa posible. A Comisión Europea é consciente, asegurou Sikow-Magny, da protesta social que

ocasionou nos dous países este proxecto, incluído nos plans da UE para acometer infraestruturas de conexión de electricidade e gas entre Francia, España e Portugal dentro dun futuro mercado común da enerxía. A oposición fronte aos danos paisaxísticos, a afección á propiedades e a proximidade de vivendas habitadas foron determinantes para que os promotores recuaran e presenta-

ran unha nova proposta, segundo explicou a representante da CE.

Esta nova coincide co anuncio esta semana da paralización do proxecto de liña de alta tensión imposta pola Xustiza por afectar á Fraga de Casas Vellas, en Catasós (Lalín), outro caso no que a mobilización social xogou un papel determinante ante as afeccións ambientais que causaría nunha paraxe de gran valor.

Fausto
CAFE & VINOS

Marquesa do Pazo, 4 - AS NEVES

Facebook

Talleres
Guiller Motor

Pazo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Venta de vehículos usados

Tel./Fax 986 66 15 41

SPG
TALLERES

EMILIO
seguros

DECESES · HOGAR · JUBILACIÓN · AHORRO · ACCIDENTES, ENFERMEDAD
VIDA · COMERCIO · PYMES · COMUNIDADES · R. CIVIL · AUTÓNOMOS · Etc...

tel. información: 609 544 351

Super
LARANXEIRA

Servizo a domicilio

Alimentación en xeral
Froitas - Verduras - Conxelados

Tel: 986 657 484. Taboixa - As Neves

CAFE-BAR
PIRI-PIRI
JAMONERIA

Especialidade en
xamón asado e
xamón serrano

Parada Auto Industrial

Progreso, 90 . A Cañiza . 986 652 332

RIVERO Casa

RESTAURANTE

Tel: 986 656 337 - MONDARIZ BALNEARIO

LOURIÑA

O Porriño

O Porriño asina un convenio para a creación dunha grande area comercial

O convenio asinado cun "importante grupo inversor" suporá a creación da area comercial e a transformación da rúa Antonio Palacios e a parroquia de Cans

O Goberno local do Porriño ven de dar un importante paso para confirmar as expectativas dun ambicioso plan que abrangue a rúa Antonio Palacios e a parroquia de Cans.

O día 9, a alcaldesa, Eva García de la Torre, e o concelleiro de Urbanismo, Marcelino Coto, subscribiron un convenio entre un "importante grupo inversor" e o Concello que ten coma obxectivo, como salientou Marcelino Coto,

"acometer unha reforma integral" nesta parte da vila.

O concelleiro sinala a relevancia desta decisión, "xustificada polo interese público", que suporá a eliminación do tráfico pesado do casco urbano e a "humanización de Antonio Palacios, con novas beirarrúas, alumeadado, ou faixas verdes e de espaxamento, que fará posible que esta rúa pase a ser unha grande avenida".

Coto lembra que en neste entorno están o Colexio Hermanos Quiroga, o IES Pino Manso, o CEIP Fernández López, unha gardería da Galiña Azul, o Pavillón e a Piscina Municipal, e que a reforma significará unha "mellora substancial na seguridade e na calidade de vida" das veciñas e veciños da contorna, en particular, e de todas as porriñesas e porriñeses, en conxunto.

O convenio abrangue, ademais, a radicación nunhas parcelas que conforman unha superficie de máis de 25.000 metros cadrados no que se abrirá unha grande área comercial e de lecer, con novos espazos dotacionais que, subliña Marcelino Coto, "creará numerosos postos de traballo, tanto directos



coma indirectos".

Logo da sinatura do convenio, o seguinte paso é promover unha

reforma puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana que, remata Coto, está en xa en marcha.

Éxito da proxección no Porriño do filme "Querida Gina"

Centos de persoas achegáronse este venres ata o Centro Recreativo e Cultural do Porriño no que o Concello organizou a proxección do filme 'Querida Gina', que ten coma protagonistas a Juan Sánchez e Serafín Rodríguez, dous veciños da parroquia de Cans.

A directora e co-guionista da película, Susana Sotelo, explicou cales foron as circunstancias da rodaxe da cinta, a convivencia de Juan e Serafín durante a viaxe entre Cans e Roma, tempo no que se filmaron máis de 300 horas, a proposta para optar ás candidaturas a sete Premios Goya deste ano ou relato das vivencias da película dende a estrea, a finais de 2015, ate a actualidade.

Na proxección, chea de emoción, estiveron presentes tamén, ademais da alcaldesa, Eva García de la Torre, varios concelleiros do Goberno local e familiares de Serafín Rodríguez e Juan Sánchez, quen es lembraron a realización da película, a amizade de toda a vida entre os dous protagonistas e a aventura que supuxo para eles facer esta viaxe e ser os protagonistas do filme.

'Querida Gina' conta unha historia que empeza en 1959:



Juan e Serafín están facendo a mili en Zaragoza, onde empezaba a rodaxe dunha superproducción de Hollywood, 'Salomón e a raíña de Saba', protagonizada por Tirone Power, que morreu na rodaxe e foi substituído por Yul Brynner, e Gina Lollobrigida. Os dous preséntase para facer de extras na cinta e logran saír mesma e ver, so dende moi lonxe, á fermosa actriz italiana.

En 2010, medio século máis tarde, contando aquela historia de xuventude, Susana Sotelo proponlles viaxar ata Roma para cumprir o seu sono de xuventude: ir á casa de Gina Lollobrigida e coñecela en persoa.

Empeza entón unha convivencia dun mes, dende a saída

dende O Porriño, por estrada, camiño de Roma, pasando polo Norte de España, a Costa Azul francesa e o Oeste de Italia, ata a cidade eterna, no que Susana Sotelo filma moitas horas de anécdotas, conversas e experiencias vividas por Juan, chofer de profesión, Serafín, enterrador de Atios e de Cans, e o mozo galés Tim Randall, que os acompaña nesta 'expedición', horas que se quedan finalmente nunha metraje de 102 minutos.

'Querida Gina', logo de moitas dificultades, pode estrearse a finais de 2015, estrea á que non chegarían os seus dous protagonistas, Juan e Serafín, que morren sen chegar a ver toda a película.

A alcaldesa mantén unha xuntanza coa directora rexional de Telefónica para levar Internet a todas as parroquias



A alcaldesa mantivo este martes unha xuntanza coa directora rexional de Telefónica, Marta Menéndez, e outros responsábeis da compañía, para tratar do estudo para dotar ás parroquias e ao propio Concello da infraestrutura necesaria para a transmisión de datos vía Internet.

Eva García de la Torre expuxo o interese do Goberno local de que todos os inmobles municipais dispoñan dun enlace á Rede que sexa "rápido e, sobre todo, seguro", conexión que tamén se instalará en puntos de influencia das parroquias, coma asociacións culturais e veciñais, sempre con "garantía de seguridade e a ne-

cesaria rapidez para facilitar o acceso a Internet".

Segundo subliñou a alcaldesa, o obxectivo, coma salientou dende que tomara posesión do seu cargo, é que todas as veciñas e veciños do Porriño poidan entrar a Rede en "igualdade de condicións, independentemente do lugar no que vivan".

García de la Torre entende que a entrada a Internet e a posibilidade de conexión é "clave" para que as xeracións máis novas do Porriño "teñan entrada á cultura, á información, ás comunicación en condicións de igualdade con outras persoas, sexa cal sexa a súa localidade de residencia".

O Porriño

A Alcaldesa falou das reformas no C.C. A Forna coa nova directiva



Eva García estudará como iniciar as reformas no inmobile do Centro Cultural A Forna, de Budiño, a humanización do seu exterior e a posibilidade de dispoñer dunha conexión a internet rápida e segura.

A alcaldesa mantivo unha xuntanza cos integrantes da nova xunta directiva do Centro Cultural A Forna, de Budiño, para coñecer, polo miúdo, os problemas que afrontan os novos representantes da mesma.

Eva García de la Torre sinalou que estudará o xeito de que o Concello contribúa a sufragar as reformas que precisa o inmobile no que está o Centro Cultural, de modo que as mesmas se poidan acometer

en varias treitos.

Asimesmo, indicou que os orzamentos municipais recollen unha partida para que a Concellería de Vías e Obras, dirixida polo tenente de alcalde, Manuel Carrera, poida iniciar os traballos de mellora e urbanización do exterior do Centro, no que se organiza a Festa de San Blas, e que como indicaron os novos directivos precisa xa que se fagan traballos de recuperación e adecentamento.

García de la Torre informou, ademais, dos contactos que mantén con Telefónica para que os centros culturais e asociacións veciñais, dispoñan de wi-fi gratis que “permita unha conexión a Internet rápida e segura” como “medio imprescindible de dinamización social e cultural e un servizo ás veciñas e veciños, en xeral, e aos máis novos, en particular”.

Do mesmo xeito, a alcaldesa amosou a súa intención de artellar un medio que permita que o material informático que xa non se empregue no Concello se ceda ás asociacións do Porriño, “por suposto, garantindo o seu bo funcionamento”, para aproveitar o mesmo e, ao tempo, evitar gastos a estas entidades.


Entroido 2017 no Porriño

O Concello do Porriño desenrolará durante todo o mes de febreiro, un intenso programa cultural e de actividades, que van dende obradoiros, pasando por conferencias ou animación na rúa, que chegará ao seu punto álxido entre o 25 de febreiro e o 1 de marzo, coa celebración do Entroido 2017.

A saída do mesmo será o pregón, a cargo de Xosé Antonio Touriñán, o sábado día 25, ás 12 e media, na Praza Antonio Palacios; dende se intre empezan seis días de actividades e propostas que abranguen o 74º Xogo de Ola, a Gran Festa do Entroido, o domingo, a Festa Infantil, o Bailes de disfraces- o luns, día 27, comparsas, e o Velorio, o Enterro e a lectura das derradeiras Vontades da Sardiña, o mércores 1 de marzo, dende as 5 da tarde.

O Entroido estará presente en todo O Porriño, e deixarase ver, especialmente, na Gran Festa rachada, o sábado, día 25, desde as

8 da tarde nas rúas da vila; o luns, día 27, co Grande Baile de Disfraces, dende as 5 da tarde, no Centro Socio-comunitario do Porriño; o martes, 28, no Grande Desfile de Comparsas, dende a rúa Antonio Palacios, a partires das 6 e media da tarde e, o último día da celebración co Pasamento da Sardiña.



LOURIÑA

O PORRIÑO

Educación organiza obradoiros nas escolas para evitar mordeduras de cans

A Concellería de Educación, que dirixe Lourdes Moure, impulsa a realización dun obradoiro, nos colexios do Porriño, dirixido a nenos e nenas de 2º de primaria, para a Aprendizaxe da Linguaxe Canina. O mesmo está enfocado a evitar as mordeduras.

Segundo un estudo realizado polo Complexo Hospitalario Juan Canalejo de A Coruña, o 75% das mordidas de cans succedenlle a nenos e nenas menores de 14 anos, con predilección polos nenos a respecto das nenas. O 65% das lesións localízanse na cabeza e pescozo.

Porén, os especialistas recomendan que se informe acerca de esta problemática, para lograr una conciencia social e conseguir establecer unas normas de prevención, tanto no ámbito familiar como social, para axudar así a evitar, ou cando menos reducir, a ampla frecuencia de estas lesións.

Para realizar este actividade



contarase cun can, 'Choupas'. A mesma está dirixida a un máximo de 20 asistentes en cada sesión, que terá unha duración duns 45 minutos e na que se explicarán aos rapaces os sinais comunicativos dos cans.

A finalidade é a de saber como achegarse a un can, aprender en que momento non debemos acariñalo, que parte de noso corpo non debemos ache-

garlle, que facer cando nos atopamos cun can que ven cara a nós, que facer cando nos tira ao chan, como non actuar diante del.

Para elo as rapazas e rapaces aprenderán a distinguir entre un can ou cadela asustada, leda ou enfadada, que teñen que facer antes de acariñala e que sinais deben buscar para tranquilizala, ou tranquilizalo.

A Policía Local imparte educación vial nas escolas

Alumnas e alumnos dos Centros Ensino Infantil e de Primaria (CEIP) Atios, Cruz Budiño, Santo Tomás, Xosé Fernández López, Antonio Palacios, Ribeira y Hermanos Quiroga, participarán, dende o vindeiro día 6 de febreiro, e durante dúas semanas, na Campaña de Educación Vial que imparte o Concello do Porriño por medio da Policía Local.

Serán axentes da Policía os que acudan aos colexios para formar ás rapazas e rapaces en conceptos esenciais que os axudarán a mellorar a súa seguridade. A formación, será teórica e práctica, na parte

teórica, os estudantes aprenderán coma circular coma peóns, as normas para o uso da bicicleta e o monopatin, o transporte de mascotas en vehículos, o comportamento coma viaxeiros, as medidas de seguridade

dentro do coche, coma o uso do cinto de seguridade, os sistemas de retención de cativos ou, no caso dos vehículos de dúas rodas, o casco, engadindo a todo elo, os sinais de circulación e o funcionamento e a labor do Servizo de Emerxencias (112).

Na parte práctica, as alumnas e alumnos deberán circular por un circuito aplicando o aprendido nas clases teóricas, de feito haberá un 'carné por puntos' no que se aplicarán as sancións se non respectan os sinais, as normas de tráfico ou as indicacións dos axentes.



A XI Interrunning, que se disputa en marzo no Porriño, rende homenaxe á muller corredora

Segue aberta a inscrición para a XI Carreira Popular de Atletismo "Interrunning", organizada polo clube Interrunning e o Concello de Porriño, que se celebra o vindeiro día 12 de marzo.

Ata o 7 de marzo ás 23:59 horas quen queira participar na proba pode inscribirse, dende o vindeiro día 1 de febreiro, en persoa, en Intersport Piñeiro Porriño, Intersport Piñeiro Vigo -nas rúas López Mora e Camélias- e en Intersport Piñeiro Pontevedra.

O día 2 de xaneiro abriuse a posibilidade de inscrición no portal web www.championchipnorte.com, dando os seguintes datos: nome e apelidos, DNI, clube ao que pertence o participante, ou aclarar se é independente, ano de nacemento e teléfono.

Pola súa banda, os partici-

pantes nas Categorias Menores - ano 2002 e posteriores- poden facelo entregando 1 quilo de comida non perecedora cando vaian a recoller o dorsal.

Como subliña o concelleiro de Deportes, Manuel Carrera, este proba "é unha das máis importantes do calendario de Atletismo de toda a provincia" e, coma tal, está no da Federación Galega. Carrera lembra que na pasada edición participaron máis de 2.000 corredores e que este ano "agardamos superar ese número".

O concelleiro amosa o seu orgullo polo feito de que esta edición faga unha "máis que merecida homenaxe" á muller corredora, e salienta a "importancia que para o deporte en xeral e, en concreto, para o do Porriño, teñen as deportistas, dende as categorías inferiores ata as absolutas, coma adestra-

doras, como xuízas e coma dirixentes de clubes e asociacións".

A saída da proba, que se disputa sobre unha distancia de 10 quilómetros-na categoría absoluta- será pasadas as 10 e media da mañá do vindeiro día 12 de marzo na rúa Domingo Bueno, na que tamén estará a meta.

As duchas estarán situadas no Pavillón Municipal e haberá unha zona de avituallamento xa sinalizada. Cada participante que remate a proba recibirá unha bolsa regalo, e a entrega de premios será na meta á 1 da tarde.

Os premios para os primeiros participantes da categoría absoluta serán:

1º Clasificado/a: 300 €; 2º Clasificado/a: 200 €; 3º Clasificado/a: 100 € e 4º-6º Clasificado/a: 50 €.

HOMENAXE Á MULLER CORREDORA

XI EDICIÓN

INTER RUNNING

CASCOURBANODOPORRIÑO

12 marzo 2017 10:00h

10 kilómetros HOMOLOGADOS **5** novidade 10 kilómetros

POWERADE GABE

INTERSPORT PIÑEIRO

info en www.championchipnorte.com

O Porriño
O Concello do Deporte

concellería de deportes

O PORRIÑO

O Concello contratará 52 persoas desempregadas co "Plan Concellos" da Deputación

O Concello do Porriño, por medio da Concellería de Emprego, que dirixe Soledad Girón, contratará, ata finais deste ano, a 52 persoas para realizar diferentes traballos a tempo completo.

A iniciativa, que é unha das impulsadas polo Goberno local no eido da formación e creación de emprego, conta cun orzamento total de preto de 608.000€, dos cales o Concello achega uns 371.000 e case 237.000 a Deputación de Pontevedra con cargo ao 'Plan Concellos 2017'.

Os postos ofertados son: 2 conserxes, 2 enfermeiros ou enfermeiras, 6 peóns de albanelaría, 12 peóns de obra pública, 1 oficial de primeira de carpintería, 1 oficial de primeira de fontanaría, 1 oficial de primeira electricista especializado en mantemento e reparación, 1 oficial de primeira Ferreiro, ou Ferreireira, 1 condutor, ou condutora, de camiión e pa escavadora, 1



operario, ou operaria, de vehículo de limpeza, 6 xardineiros, ou xardineiras, 1 condutor, ou condutora de tractor-rozadora, 16 peóns de limpeza e 2 peóns de primeira de bandas sobre vía urbana e estradas.

A oferta de emprego estará exposta os vindeiros días, antes de que empece a preselección,

que realizará a Oficina de Emprego entre as persoas anotadas na mesma que teñan a condición de demandantes de traballo.

Na devandita preselección terán prioridade, como establece a lei, as vítimas de violencia machista, maiores de 45 anos, parados de longa duración e familias monoparentais con persoas a cargo.

O goberno local podería pagar segundo convenio aos contratados do Plan Concellos se a oposición aproba os presupostos

O Goberno local está "completamente disposto" a ter en conta a proposta do concelleiro de EU-Son de que as persoas contratadas dentro do Plan Concellos da Deputación perciban unha retribución que sexa acorde co establecido no Convenio Colectivo.

De feito, sinala a concelleira de Formación e Emprego, Soledad Girón, esta posibilidade está recollida na proposta de orzamentos do Goberno local para este ano e, subliña, "se a oposición os aproba estaríamos máis que dispostos a que fose así".

Con todo, Girón lembra que na xestión do seu departamento ten que axustarse á realidade e esta é que, na actualidade, dispón duns recursos que non permiten esta posibilidade xa que, de aplicar a mesma "a Concellería estaría sen cartos a principios de marzo e

precisa dos mesmos para atender as moitísimas necesidades que se non presentan cada día".

Soledad Girón engade que os participantes no Plan Concellos perciben o Salario Mínimo Interprofesional, tal e como esixe a Deputación, "polo tanto se cumpre, exactamente, a legalidade", e indica que á cantidade aportada pola Deputación completouse con outra do Concello o que permitiu que as persoas que se contratan ao abeiro deste plan traballen a xornada completa, algo que non ocorría con anterioridade.

Polo que atangue a priorizar a antigüidade á hora de contratar, a concelleira explica que é algo que xa se fai, "faino a Oficina do Porriño do Servizo Galego de Emprego, que é a encargada da preselección, non o Concello, e que da preferencia a vítimas de violencia machista, maiores de 45

anos, parados de longa duración e familias monoparentais que teñan persoas ao seu cargo".

Por último, Soledad Girón salienta que a Concellería de Formación e Emprego tentará poñer en marcha este ano, "porque é urxente e completamente inaprazábel" o Plan de Emprego Feminino, haxa ou non novos orzamentos, polo cal debe dispor de recursos.

A concellería considera que o Plan Concellos é unha parte moi importante do esforzo que se fai dende o Goberno local para axudar á creación de emprego, e que é "esencial" faer un esforzo por intentar poñer en funcionamento o Plan de Emprego Feminino considerando que dos 1.844 desempregados que había no Porriño a finais do ano pasado, 1.064 eran mulleres e 780 homes, "isto quere dicir que o paro feminino é un 36 e medio por cento superior ao masculino".

Alejandro Lorenzo, único candidato á presidencia do PP do Porriño

Alejandro Lorenzo postúlase finalmente como único aspirante á presidencia do Partido Popular do Porriño, unha vez concluído o prazo de presentación de candidaturas para o quinto congreso que a formación celebrará na localidade.

Aínda que se anunciaron tres posibles candidaturas, M. Alejandro Lorenzo, Carlos Martínez e Veli Tato, finalmente acordaron concorrer baixo unha única candidatura de "unidade e consenso" encabezada por Lorenzo. Unha candidatura de confluencia, un proxecto colectivo e de integración co que se poñerá fin á interinidade da xestora, presidida por Carlos Martínez e que pretende normalizar a situación do PP do Porriño para poder traballar unidos de cara ás eleccións



municipais de 2019.

O que con toda seguridade será o próximo presidente da executiva local, a expensas de presentar os 120 avais que lle permitan presentar a súa candidatura, e pasar este congreso, no que terán dereito a voto os máis de 660 afiliados que a día de hoxe militan no municipio, mostrase orgulloso e agradecido e preparando unha nova executiva onde xogarán un papel relevante a xuventude e as mulleres.

O BNG reclama o acceso ao colexio Santo Tomás, sen resolver desde fai un ano

Vai facer un ano desde que, en marzo de 2016, o pleno do concello do Porriño aprobou por unanimidade unha moción do grupo municipal do BNG para que se arranxara o acceso ao colexio Santo Tomás, situado no barrio da Florida, e que presenta serios riscos para a seguridade de alumnos e peóns.

O Bloque propoñía que se iniciasen os trámites para a redacción dun proxecto que contemplase a apertura dun novo acceso na parte posterior do colexio, polo lugar de Fonte Cega. Así, o goberno local, por mandato do pleno, debía reunirse coa comunidade de montes de Torneiros, que está disposta a ceder os terreos para esa obra, e redactar o proxecto correspondente. Debía tamén o goberno local dispoñer a vía de financiamento correspondente, con cargo aos orzamentos municipais.

Segundo o BNG nada disto

se fixo dende entón. Non hai proxecto e non hai orzamentos, "o que non é máis que unha nova mostra do desleixe na xestión do goberno local formado por PSOE e UDDL nos asuntos que interesan aos veciños." Pola contra, o BNG non desiste da súa responsabilidade e volve propoñer ao goberno unha solución a este grave problema. Por iso instan ao goberno a que non demore máis a redacción do proxecto, a que fale cos veciños, coa dirección do colexio, coa ANPA e que se poña mans á obra.

O BNG considera que o proxecto de novo acceso ao colexio Santo Tomás pode financiarse con cargo a liña 1 (Investimentos) do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra do exercicio 2017. Esta é a solución que levarán ao próximo pleno municipal e agardan que dunha vez por todas se tome en serio a súa proposta.

LOURIÑA

MOS / SALCEDA

Crece o parque móbil para o servizo municipal de recollida de lixo en Mos

Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e a concelleira de Medio Ambiente mosense, Julia Loureiro, recepcionaron da concesionaria do servizo municipal de recollida de lixo, URBASER, dous novos camións de recollida de residuos que a empresa ofreceu na súa oferta ao presentarse ó concurso e que estarán adscritos ó 100% ó Concello de Mos.

Estes dous novos camións súmanse ó resto que URBASER ten para a realización de traballos xerais en diversas localizacións e á demais maquinaria entre a que se atopan un camiión cisterna, unha barredora, un lava beirarrúas, un camiión porta contedores e un Scarab.

En materia de limpeza viaria, o barrido manual realízase cunha frecuencia de 5 días á semana nas zonas urbanas (Sanguinieda e Puxeiros), 3 días á semana en Peinador, San Rafael, San Eleuterio, Rans, As Pozas, Pazo de Mos, Concello e Polígono de Veigadaña. No resto de polígonos industriais (Santiagoño, Arrufana, Monte Faquiña e Rebullón), o barrido manual realízase quincenalmente.

O barrido mecánico realízase cunha barredora tipo Scarab Minor e cunha sopladora de mochila. Realízase cunha frecuencia de 1 día á semana en Sanguinieda e Puxeiros, quincenal en Peinador, San Rafael, San Eleuterio, Rans, As Pozas, Pazo



de Mos, Concello e Polígono de Veigadaña e mensual no resto de polígonos industriais (Santiagoño, Arrufana, Monte Faquiña e Rebullón).

O baldeo dos viais municipais realízase cunha baldeadora de 8 metros cúbicos, provista de pértiga, aspersores e piñas de rego, cunha frecuencia semanal nas zonas máis urbanas, como son Sanguinieda e Puxeiros. No resto de zonas, onde se inclúen os polígonos industriais realízase o baldeo cunha frecuencia quincenal.

A frecuencia de lavado dos contenedores é nos de resto-urbana orgánica en verán 4 veces e en inverno 2 veces, e non orgánica 2 veces tanto en verán como en inverno; envases lixeiros 4 lavados ó ano, papel e cartón 1 ó ano e vidro 4 ó ano.

Ademais da limpeza viaria,

outra optimización do Servizo de Recollida e Transporte de Residuos Sólidos Urbanos (fracción, resto e selectiva) e Limpeza Viaria para mellorar as prestacións aos veciños é a atención directa ao cidadadán, xa que URBASER, habilitou un teléfono gratuito, o 900 720 190 que está operativo diariamente en horario de 09.00 horas a 13.00 horas para recoller e atender as suxerencias e comentarios dos habitantes do municipio de Mos. Así mesmo, é a este teléfono ao que a veciñanza debe dirixirse para solicitar a recollida de restos de poda e enseres; facéndose no primeiro caso no propio domicilio por parte da empresa e, no segundo caso, sendo a concesionaria a que lle indique a que hora e que día debe deixar o material que desexe desfeitar no contedor máis próximo á súa vivenda.

O PP afirma que a maioría das aulas das parroquias levan máis de 12 anos conectadas as traídas

Resulta curioso que a Concelleira de Educación de Salceda presuma de conectar as aulas do CRA Raíña Aragonta ás traídas de auga cando a maioría delas xa levan máis de 12 anos conectadas as traídas das súas respectivas parroquias, e moitas dende o seu inicio, (aproximadamente 20 anos), polo que non é nada novo. Con esta afirmación, o PP do municipio amósase sorprendido ante as recentes declaracións da Concelleira.

O voceiro popular, Santiago Rodríguez Davila, puntualiza que “o problema da aula de Picoña leva polo menos 3 anos sendo denunciado polos pais e nais dos nenos/as que asisten as clases nesa aula de Picoña, incluso no Consello Escolar se tiña falado do asunto sen que o Concello fixese nada para solucionalo” e engade que “tivo que quedar sen auga o pozo que suministra á aula para que a concelleira e Alcalde desperten dese pasotismo dos últimos tres anos”. O PP califica de “triste” a situación e lamentan que “saian agora votándose flores”. Dende o PP do municipio agradecen a colaboración das diferentes comunidades de traídas de auga, para poder prestar un servizo básico nas aulas do CRA Raíña Aragonta do Concello.

Davila, incide en que “resulta incomprensible para os veciños

de Picoña que o Concello alardee de investir na traída cando o único que fixo foi asfaltar a estrada municipal, sen aportar ni un só euro para o cambio da canalización da auga” e ademais engade que “o Concello asfaltou a estrada a través do Plan da Deputación, sen por un euro dos recursos propios”.

Davila recorda a inversión de 2 millóns de euros da Xunta de Galicia “para que poidésemos ter unha conexión ca traída que ven dende o Río Oitavén a través de O Porriño”, ou as axudas que a mesma Xunta concedeu no ano 2016, con 66.400€, destinados a financiar as obras que se executaron nas comunidades de traídas de augas nas diferentes parroquias de Salceda de Caselas e que cobraron en apenas 30 días despois de xustificar o pago das mesmas. Engade asimismo o popular que “a Deputación, ata o ano 2015, financiou obras de abastecemento de augas nas diferentes traídas parroquiais por valor de máis de 40.000 €, algo que lamentablemente se deixou de facer coa chegada da Nova Deputación dirixida por Carmela Silva”.

Por todo o mencionado, os populares preguntanse, “cantos euros de fondos propios investiu o Concello dende que Marcos Besada é Alcalde nas traídas de augas das parroquias”

Nº Reg. Sanitario E-36-000038

Óptica mahen

Senén Canido 4 - PONTEAREAS

Ópticos desde 1939

SALCEDA DE CASELAS



A Feira, Castro Barreiro e o Entroido de Salceda de Caselas

O enfrontamento entre A Feira e Castro Barreiro, ten referencia escrita desde 1888, cando un veciño da Feira pedíalle, aos seus familiares de Brasil, diñeiro e ideas para o entroido. O Concello de Salceda leva realizados varios tentativas de que por parte da Xunta de Galicia se inicie o expediente "para que o Entroido da Feira e Castro Barreiro, sexa declarado Festa de Interese Turístico Galego". O entroido non só é a maior e máis antiga festa de Salceda, senón tamén unha das manifestacións culturais máis importantes da comarca.

Esta celebración que supón para os barrios implicados uns longos preparativos nos que interveñen todos os veciños. Escoller o tema das carrozas, traxes e bailes supón un duro traballo que sem pre precisa a colaboración para o día do desfile de músicos de todo o Concello.

Este particular duelo ten lugar todos os martes de entroido pola tarde aínda que as festas do entroido comezan en ambos os bairros xa o Luns anterior. posteriormente no barreiro elebrase o "enterrro da Feira" e na Feira o "enterrro do castríño" que se celebran na fin de semana seguinte o entroido.

En Salceda ademais desta lexendaria rivalidade desde hai xa anos, os Domingos pola tarde celébrase un desfile de carrozas e comparsas no que poden participar agrupacións de todo o concello e inclusive foraneas. Sumando todas estas celebracións Salceda é un continuo de festa carnavalesca que ocupa todos os días do entroido.



PINTURAS FERNANDO MÍGUEZ

Rúa Argentina, 11 - Salceda de Caselas
 ☎ 886 115 548

Rúa Galicia, 5 - Salvaterra de Miño
 ☎ 986 658 529

Móvil 645 316 524
 pinturasfernandomiguez@hotmail.com

Citanía
 Mobiliario & Descanso

Victoriano Pérez Vidal, 13 - Salceda de Caselas
Telf./ Fax : 986 34 06 06
 www.facebook.com - info@citaniasalceda.com
 www.citaniasalceda.com

VAL MIÑOR

GONDOMAR

Oito horas de emisión en directo desde o IES Terra de Turonio celebran o Día Mundial da Radio

O luns 13 de febreiro, con motivo do Día Mundial da Radio, o instituto Terra de Turonio de Gondomar vai realizar unha emisión especial de radio desde os estudos de Radio Turonio. O instituto participa nas actividades promovidas por Ponte...nas ondas! desde hai anos e radio escolar constitúe un recurso educativo que se coordina desde o Equipo de Normalización Lingüística.

Toda a programación está realizada polo alumnado e o profesorado do centro contando coa colaboración de persoas e institucións da comarca.

A programación especial de 8 horas de emisión púdoase seguir desde a Web do centro e desde o recen inaugurado portal www.escolasnasondas.com onde aínda se pode escoitar completo.

As 10 da mañá Adrián e Carlos, de 1º da ESO procedían a realizar a presentación da xornada co reitor da Universidade de Vigo agardando para ser entrevistado e para mostrarlle á audiencia o novo portal que vai permitir darlle voz ás escolas.

A seguir foron as persoas convidadas que pasaron polos estudos de Radio Turonio quen achegaron a súa voz. Poñían a primeira nota musical o coro tradicional Cantares do Brión na voz de Dani Domínguez quen contou como se formou o coro e o ben que o pasa cantando a



nosa música popular.

Suso e Manolo, dous compositores do grupo Os Terribles de Donas fixéronlle confesións inéditas á súa neta Alexia que exercía de xornalista radiofónica.

E nada terrible foi tamén a experiencia de Peter, o lector de inglés do instituto, que demostrou que un americano pode falar galego e facelo moi ben.

A escritora Rexina Vega conversou co alumnado sobre a súa actividade literaria e docente, lembrando o seu paso polo instituto como profesora de Lingua e Literatura Galega.

Diego Bea, un dos compositores do dúo AMEVA contou como se iniciou no mundo da

música e lembrou cando facía radio no seu paso polo centro.

E para lembranzas as que nos achegou o avó Hamilton da súa Irlanda natal no programa Café irlandés. As súas netas Laura e Andrea fixéronlle unha magnífica entrevista en inglés con tradución ao galego incluída.

Cando chegaba o mediodía, Radio Turonio establecía unha videoconferencia con dous ex-alumnos desde Canadá.

A música en directo chegou da man de Leo i Arremecághona quen armado do seu cavaquiño interpretou algúns dos seus temas máis coñecidos.

Na hora de comer foron os concursos telefónicos. Quen

canta? e Onde está o premio?, os que deron participación ao alumnado que desde os seus domicilios aproveitaron para chamar e participar.

Xa pola tarde, o alumnado do ciclo de Actividades Físico-Deportivas no Medio Natural presentou o programa Fillos do Galiñeiro, o monte onde realizan boa parte das súas prácticas, como a monta a cabalo. E de cabalos faláron os alumnos do instituto no programa O meu cabalo, destinado a dar a coñecer os cabalos do alumnado.

Para pechar a programación, unha homenaxe ao escritor Carlos Casares, o autor homenaxeado nas Letras Galegas deste ano.

Informática para maiores en Gondomar

Comezou en Gondomar o primeiro curso de informática para maiores de Gondomar impartido por profesionais do sector.

As clases de informática impartiranse os mércores de 16:30 a 18:00 no C.D.L (Centro de Desenvolvemento Local) de Gondomar; o curso alargarase ata decembro. A materia que se explicará está relacionada con conceptos de informática básica, software, ofimática e directrices esenciais de funcionamento.

A Concellería de Benestar ten aberto o prazo de inscrición para os interesados, maiores de 55 anos e censados no municipio. O número de prazas é limitado, os participantes deberán achegarse a Casa da Cultura, departamento de Benestar para formalizar a matrícula.

Plan de seguridade viaria

O alcalde de Gondomar, Paco Ferreira, visitou varios puntos conflictivos en distintas parroquias e casco urbano nos que se levarán a cabo pasos de peóns elevados, bandas reductoras de velocidade e sinalización de limitación de velocidade, baixo a dirección do Departamento de Infraestruturas e Obras; ubicados en entradas de guarderías, colexios e lugares específicos destacados pola afluencia de peóns na vía.

En concreto, no colexio Souto Donas, inmediacións da Igrexa de Donas na zona de Mosteiro; fronte o colexio infantil e guardería San José de Borreiros, urbanización San Benito, o lado da guardería A Galiña Azul; Auditorio Lois Tobio, etc. Este plan irá unido o plan de seguridade da Diputación de Pontevedra.

A finalidade é mellorar a seguridade dos peóns tanto dentro do casco urbano como nas parroquias e garantir unha diminución da velocidade de circulación do tráfico rodado en todo Gondomar; o obxectivo é mellorar non só a seguridade viaria de peóns e reducir a velocidade do tráfico rodado se non gañar calidade de vida en xeral.



CONFITERIA

Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de productos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables
coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Pontearreas 986 640 834

TUI



Dez espectáculos de teatro, música e cinema na programación cultural semestral de Tui

Unha oferta ampla, diversa e para todos os públicos é a que presenta o Concello de Tui para o primeiro semestre do ano no Teatro Municipal de Tui. Así se deu a coñecer esta mañá na presentación oficial do número 33 da Axenda Cultural Corredoira. Participaron o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, a concelleira de Cultura, María José González, así coma Fran Núñez, director e actor de Limiar Teatro; Xandre Vázquez, produtor de Educa Teatro; Cándido Pazo, director de Contraproducións, e Artur Trillo, director de Talía Teatro.

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, salientou a aposta inequívoca do concello pola cultura “coma elemento necesario na vertebración dunha sociedade”. Referiuse a que a axenda cultura, que conta cunha longa tradición, mantén un altísimo nivel. Afirmou que esta axenda seguirá sendo un éxito, avanzando que está traballando para que se reforce o seu carácter transfronteirizo.

Tras catorce anos de actividade o Teatro Municipal é un referente cultural en Galicia e no Norte de Portugal, non só pola programación estable e de calidade que acolle senón tamén pola resposta que ten por parte do público xa que miles de persoas pasan cada ano por este espazo escénico. Así o explicou a concelleira de Cultura, María José González, destacando que o obxectivo é continuar consolidando o traballo realizado ao longo da última década e manter e reforzar a aposta por unha programación de alto nivel, que non tería sido posible sen a alianza coa Rede Galega de Teatros e Auditorios que fornece boa parte dos espectáculos previstos. Detallou María José González que a programación presentada esta

mañá, orzamentada en 25 mil euros dos que o 40% é aportado pola AGADIC, consta de 10 espectáculos de teatro, música e cinema.

O Teatro Municipal de Tui continúa a ser un dos puntos culturais de referencia de Galicia con 10 espectáculos caracterizados pola súa variedade e calidade. Como vén sendo habitual, a programación destaca ademais por estar destinada a tódolos públicos, co 50% das obras para público adulto e o outro 50% para infantil.

Entre as catro obras destinadas ao público adulto, dúas son de gran formato con até dez actrices e actores galegos sobre o escenario. O Centro Dramático Galego traerá a Tui unha nova mirada do Martes de Carnaval de Valle Inclán, obra na que nunha duración de 120 minutos, os dez intérpretes pónense ás ordes de Tito Asorey e Marta Pérez. Pola súa parte, Contraproducións representará O tolleito de Inishmaan na que, con oito actrices e actores, o público sentirase atrapado polo humor e a tenrura dun teatro tan noso como irlandés. Trátase, en palabras do seu director, Cándido Pazó, dun “drama disfrazado de comedia”. Pazó destacou así mesmo que “Tui está entre eses lugares que un quere visitar pola súa programación cultural diversa e de calidade”.

Completan a programación adulta o humor de “Menú da Noite” de Carlos Blanco e Luís Davila e o drama de Foucellas, de Talía Teatro, obra que “aproveita as vivencias de Foucellas levándolas a problemas universais como o fracaso vital”, segundo apuntou o director da compañía, Arturo Trillo.

Os nenos e nenas serán partí-

cipes da programación con 4 espectáculos destinados especificamente para eles. Trátase da Sirenita, de La Canica, Feo!, de Caramuxo Teatro, Don Quixote, unha comedia gastronómica, de Limiar Teatro e Carapuchiña Vermella, de Educa Teatro. Fran Núñez, director e actor de Limiar Teatro explicou que farán en Tui unha función especial en Tui co público no escenario, nunha obra na que levan máis de 200 funcións. Mentres o produtor de Educa Teatro, Xandre Vázquez, asegurou que “hai unha serie de localidades en Galicia que son referencia e Tui é sen dúbida unha delas”. Achegarán unha adaptación actualizada da Carapuchiña Vermella con banda sonora orixinal e na que os nenos participarán activamente.

No caso do cinema, o Teatro Municipal acollerá a proxección de dous filmes, un para público adulto e outro para infantil. Este último é o caso de O espírito do bosque, de Dygra Films, que relata a historia dos animais enfrontados á destrución do seu hábitat. Por último, Sicixia, dirixida por Ignacio Vilar, achegará a historia de un enxeñeiro que se mergulla na idiosincrasia da cultura da Costa da Morte.

A Axenda Cultural Corredoira recolle asemade os eventos previstos neste primeiro semestre do ano coma a celebración do Entroido en febreiro, unha nova edición de Play-Doc, o Festival Internacional de Documentais de Tui, do 22 ao 26 de marzo, as festas patronais de San Telmo en abril, e as feiras de artesanía e do libro no mes de maio.

Da Axenda Cultural Corredoira son editados 15 mil exemplares que son distribuídos tanto en Tui coma en Valença.

Conferencia de Camilo Nogueira en Tui

O IEAMSo (Instituto de Estudos Agrarios Mártires de Sobredo) naceu co obxectivo de manter vivos na memoria os sucesos acontecidos en Sobredo en 1922, enmarcados na loita agraria e que rematarían coa redención dos foros, difundir o coñecemento destes feitos e situar esa loita e ese movemento asociativo na actualidade. Este próximo novembro cúmprense 95 anos do sucedido na parroquia de Guillarei e desde o Instituto desexamos traer Sobredo á actualidade e

reivindicarmos os valores solidarios que moveron á sociedade daquela época.

Para mantermos vivos estes valores, coñecermos o noso pasado e sabermos quen somos na actualidade, invitámosvos a participar no ciclo de conferencias e mesas redondas que este próximo venres, 17 de febreiro, no edificio San Domingos, na Alameda de Tui, ás 19 horas, comeza coa conferencia do pensador e político galego Camilo Nogueira Román, co título de: Galiza, unha das vellas nacións de Europa.

Ciclo de conferencias:
A actualidade desde SOBREDO



CONFERENCIA

De: **CAMILO NOGUEIRA ROMÁN**
Político e pensador galego.

Título: **Galiza, unha das primeiras nacións de Europa.**

Día: 17 de FEBREIRO do 2017 - venres
Hora: 19:00 Hs. (ás SETE da tarde)
Lugar: Sala de Conferencias - Edif. San Domingos (na Alameda)-TUI

ORGANIZA:  Instituto de Estudos Agrarios Mártires de Sobredo -IEAMSo-

COLABORA:  CONCELLO DE TUI

Cafe - Bar
SOEIRAS



Tel.: 986 601 796

Pontenova 10b-Guillarei 36700 -Tui (Pontevedra)

BAIXO MIÑO

TOMIÑO

Éxito dos judokas tomiñeses do Club Baixo Miño en infantil e Junior

O 4 de febreiro celebrouse en Santiago de Compostela a Copa de España Infantil e o Campionato Galego Junior eventos organizados pola Federación Galega de Judo.

Na Copa de España Infantil participaban 1 judoka tomiñesa, Nerea Romeu González na categoría de -52 kg conseguía o 5º posto. Esta judoka xa leva dúas copas de España quedándose ás portas das medallas só é cuestión de tempo que consiga subirse ao podium.

Doutra banda no Campionato Galego Junior os resultados foron moi bos. Brais Pereira conseguía o ouro demostrando gran superioridade gañando todos os seus combates por Ippon na categoría de -81kg o devandito judoka xa está clasificado directo á final do campionato de España por estar situado 3º no ránking nacional. Adrián Romeu na categoría de -60kg conseguía a medalla de bronce, este mozo



judoka aínda cadete ten un judo moi bo e o traballo que realiza día a día estalle levando a subirse ao podium nas súas últimas competicións.

Agora espéranos próximos compromisos, para Nerea Romeu o 18 de febreiro coa Supercopa de España en Estremadura e para Adrián Romeu e Yohanna Dá Cuña convocados pola selección galega para participar na Copa de Europa de Fuengirola.

Tomiño prepara a 14ª Mostra de Cultivos do Baixo Miño

O Concello de Tomiño e acuBam (Asociación de Cultivos do Baixo Miño) organizan os días 4 e 5 de marzo de 2017, a 14ª edición da Mostra de Cultivos do Baixo Miño.

A mostra contará un ano máis, con conferencias e xornadas técnicas, especialmente dirixidas aos profesionais do sector, así como coa segunda edición de "acuBam innovación", un espazo destinado a resaltar de forma significativa aquelas melloras, avances ou novidades de cada un dos expositores.

Asemade, organízanse actividades complementarias, con exhibicións e presentacións para público en xeral.

Entre as actividades programadas para o sábado 4 de marzo, destaca a conferencia "Presente e futuro da xardinería" a cargo de Íñigo Seguro (Programas BRICOMANÍA e DECOGARDEN en Tele 5 e TVE 2), así coma o proxecto escolar "As nosas amigas as plantas" e a exposición de pintura e escultura de artistas da zona.

Coincidindo co Ano Internacional do Turismo Sostible para o Desenvolvemento, o eixo central da Mostra 2017 será a sustentabilidade, entendida como a convivencia harmónica de eco-



nomía, sociedade e medio ambiente.

"A comarca do Baixo Miño é un paraíso natural onde o sector dos cultivos ten un peso económico importante. O obxectivo dos viveiros é seguir criterios

sostibles nas súas producións, con boas prácticas agrícolas e unha conexión co seu entorno máis próximo, participando en proxectos educativos para a infancia e a mocidade", comentan os organizadores.

REFORZO ESCOLAR • IDIOMAS • TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA • TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS

CENTRO DE ESTUDOS

MATRÍCULA GRATUÍTA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - 1º B
☎ 654 07 57 51





A GUARDA

A Guarda volcouse co Festival solidario a favor da acción contra a fame da ONG Manos Unidas

O Centro Cultural da Guarda completou o seu aforo na celebración do Festival solidario Manos Unidas. Evento, presentado por Emilia Otero, que tiña como obxectivo principal loitar contra as desigualdades e buscar a colaboración dos veciños, veciñas e autoridades presentes na loita contra a fame.

A actuación que abriu o festival a prol da acción de Manos Unidas contra a fame foi a do acordeonista Daniel Vilanova, que interpretou dous temas moi aplaudidos polos presentes e que foron o inicio perfecto para esta xornada de música e solidariedade.

A continuación viu un dos pratos fortes da tarde: a presentación do libro “La Voz del Silencio” de Oliva María Pereira González. A primeira en intervir foi Begoña Cebrián Acuña, presidenta da delegación de Manos Unidas na provincia, que expresou o seu agradecemento aos asistentes e colaboradores do evento e fixo unha pequena presentación, chea de emoción, dos proxectos que está a desenvolver a ONG como, por exemplo, o que están a levar a cabo en zonas vulnerables de El Salvador.

En segundo lugar entrevistou a xornalista e poeta Aurea Sánchez, encargada de introducir a vida e obra da autora de “La Voz del Silencio”. Así fixo unha pequena achega sobre a súa relación persoal e profesional, repasou as obras anteriores de Oliva María e falou un pouco da súa biografía, destacando que a solidariedade e a capacidade da autora para dar voz aos que non a teñen son as súas principais características. Para rematar, a propia Oliva María falou da súa obra e da motivación para realizala, que en esencia é a de axudar aos desfavorecidos. Ademais afirmou que no libro conta os seus sonhos, luces e sombras e que os lectores se verán reflexados neles.

Tras a presentación do libro continuaron as actuacións, como a do Trío Luetto que achegou unha gran interpretación dos temas “Aleluya” e “Tu gitana”. Logo chegou o baile co Grupo Baile Moderno Xamaraina,

que bailou dous temas de dous estilos moi diferentes, demostrando que na Guarda hai moita canteira para a danza.

A continuación dúas nenas leron ante os presentes dous dos poemas de “La Voz del Silencio”, a publicación anteriormente presentada, no que foi un momento moi especial para autora.

Volveu o ritmo cos Grupos de baile do Ximnasio Do Majó. Primeiro o grupo infantil e despois o xuvenil trouxeron moito ritmo e alegría á xornada. Un ritmo e alegría que non fixo máis que aumentar coa actuación das Pandereteiras Coiro Vello, que ofreceron ao público as pezas “Vals de amor” e “Desfeita galega”.

Dende Vigo viu a seguinte actuación, co Grupo de Baile Bambalina, na que tanto o grupo infantil como o xuvenil arrancaron os aplausos entusiasmados do público.

Xa para dar por concluída esta velada, na que todos os participantes buscaban colaborar no posible a erradicar a fame nos lugares máis desfavorecidos, reali-



zouse a entrega dos agasallos en agradecemento aos participantes, sorteáronse os premios das rifas vendidas na entrada do evento para colaborar con Manos Unidas e pechouse a velada coa poderosa actuación da Coral do Rosal.



A GUARDA

Por Juan Louzán

É certo que o Cristo Redentor, que está na cima do monte do Corcovado, en Río de Janeiro, Brasil, foi declarado Monumento Histórico Arquitectónico da Humanidade en 2010. A súa espectacular panorámica non ten parangón. Está a 710 metros do nivel do mar. É tamén a séptima maravilla do mundo. Vale. Un 10 de nota. Pero os galegos, aunque mais modestamente, tamén damos un 10 de nota de valoración a unha muller, Isabel, do barrio guardés da Marina, da Rúa da Cal, que desde o pico do Facho, na cima do monte Trega, de 310 metros de altura, saluda a guardeses, camposinos, ca-

minhenses, e demais miñotas, para recordarles que aquí temos unha das maravillas do mundo. As nosas praias, restaurantes, hoteles, festas, gastronomía, e ruta turística, non ten parangón con Sao Paulo, Corcovado, Río de Janeiro e demais riquezas culturais e turísticas dos nosos amigos brasileiros. Con quen nos unen moitas raíces desde séculos.



BAIXO MIÑO

A GUARDA

A E.E.I. A Gándara pide a colaboración do Concello da Guarda para garantir a súa continuidade

Este venres 10 de febreiro pola mañá, representantes das nais e pais dos alumnos da Escola Unitaria (E.E.I) da Gándara acudiron ao edificio do concello da Guarda, onde mantiveron unha reunión co alcalde, Antonio Lomba, e a concelleira de Educación, Elena Baz.

A Escola Unitaria da Gándara, onde se imparten clases de educación infantil a nenos de 3 a 5 anos, conta nestes momentos con 9 alumnos. As nais que acudiron á reunión recordaron que hai prazas dispoñibles para que se inscriban nenos e nenas da Gándara e tamén de Salcidos e amosaron o seu desexo de que

a Escola e os rapaces e rapazas teñan unha maior presenza e participación na vida cultural da vila, o que foi moi ben recibido tanto polo alcalde como pola concelleira.

Deste xeito, dende o concello mostraron o seu apoio á labor desta escola, xa que as Escolas Unitarias teñen un gran valor e importancia na educación de moitos cativos, en especial no medio rural. Ademais animaron aos pais e nais a seguir apoiando na campaña de promoción da única escola unitaria da vila para manter o número de alumnos necesarios para evitar o seu peche.



A Senda Litoral tamén sufriu os efectos do temporal

Despois de feitas as valoracións dos desperfectos provocados polo temporal do pasado 2 de febreiro, o concello da Guarda considera como desperfectos importantes, ademais do xa coñecido a través dos medios de comunicación do Espigón do porto, os efectos producidos polo temporal na Senda Litoral.

O mar afectou aproximadamente uns 200 metros de senda, nalgúns casos movéndoa do seu lugar e, nunha lonxitude aproximada de 50 metros, facéndoa desaparecer. Os restos da senda acabaron esparcidos polas fincas ata onde chegou a auga do mar. Ademais disto, na propia senda o temporal provocou unha avaría no colector que vai á depuradora no que están traballando os servizos municipais para darlle unha solución de urxencia.

O alcalde da Guarda púxose en contacto con Costas

do Estado para solicitar axuda para reparala o antes posible, dado a gran cantidade de usuarios que ten esta infraestrutura.

Ademais destes dous grandes desperfectos, nunha valoración pormenorizada, obsérvase un gran número de pequenos incidentes como baldosas levantadas, bancos rotos, desaparición de papeleras, etc., que haberá que ir repoiando nas próximas semanas.



O historiador Miguel Villa presentou o seu terceiro libro sobre a Sociedade Pro-Monte nun Centro Cultural ao completo

Este ano 2017 conmemorase unha data moi sinalada para a vila da Guarda e a súa historia: o centenario do Museo Arqueolóxico Monte Santa Trega (MASAT), e o sábado 28 de xaneiro tivo lugar a primeira das actividades programadas para celebralo.

Nun Centro Cultural completamente cheo, o historiador guardés Joaquín Miguel Villa Álvarez presentou o seu libro "La Sociedad Pro-Monte Santa Tecla, 3ª parte". Trátase da terceira e última parte da súa triloxía sobre a Sociedade Pro-Monte, creadora do propio MASAT, e que completa os dous anteriores volumes publicados en 2004 e 2014.

Ao acto acudiron numerosas autoridades locais e provinciais, así como veciños da Guarda e doutras vilas da contorna. Os encargados de inaugurar o evento foron o alcalde da Guarda, Antonio Lomba Baz, e o concelleiro de Patrimonio, Javier Crespo.

O alcalde deu comezo á presentación agradecendo a tódolos asistentes por encher o Salón de Actos, demostrando así a gran importancia que esta data tiña para toda a Comarca do Baixo Miño. Ademais, puxo en valor o traballo de Villa e da propia Sociedade Pro-Monte, á que asegurou os guardeses e guardesas lle deben o traballo de dar a coñecer a riqueza da xoia que é o Monte Santa Trega e aos que se pode considerar como os fundadores do turismo da Guarda.

Pola súa banda o concelleiro de Patrimonio tamén destacou e agradeceu a asistencia dos presentes a unha presentación que se ofrece tras varios anos de traballo de investigación e documentación do historiador acerca da Sociedade Pro-Monte e do propio Monte Santa Trega. Ademais mostrou o seu agradecemento persoal a



Villa por invitalo a presentar este libro, para o cal falou de xeito detallado do autor, do contexto histórico que abarca a obra (1939-1979) e do propio libro.

Tras a introdución do alcalde e do concelleiro, o autor realizou a presentación dunha obra coa que, afirmou, pecha unha triloxía que lle permitiu ter o pracer de estudar a Sociedade Pro-Monte. Para o autor a importancia desta sociedade, que considera unha das sociedades culturais máis importantes da Guarda e de Galicia, radica en que conseguiron que o Trega sexa a día de hoxe o segundo lugar máis visitado de toda Galicia, tras a Catedral de Santiago.

Esta terceira parte é a máis ampla e complexa das tres, xa que abarca un período de tempo máis amplo e recente. Isto supuxo para o autor vantaxes e inconvenientes. Por un lado, existen máis fontes documentais (unha das grandes fortalezas da súa obra) e testemuñas que podan aportar datos o acaecido durante o período. Pero por outro tamén hai máis versións contraditorias entre os que viviron eses anos, polo que é máis importante acudir a fontes documentais.



A GUARDA

Camposancos chega a un acordo con Estaleiros Joaquín Castro para manter a súa actividade

Despois de meses de negociacións entre o Estaleiro e a Entidade Local Menor, propiciadas polo alcalde da Guarda, Antonio Lomba, as dúas partes chegaron a un acordo sobre as condicións que recollerá o contrato de arrendamento que permitirá que a empresa siga mantendo a actividade de Estaleiro en Camposancos durante os próximos 30 anos.

O punto de partida para chegar a este entendemento produciuse cando o alcalde da Guarda se ofreceu a mediar entre as dúas partes polas dificultades de entendemento que había entre ambas. A partir dese momento, Antonio Lomba, mantivo xuntanzas con tódolos implicados, sindicatos, empregados, corporación da Entidade, equipo de goberno e empresa, para coñecer e avaliar a problemática e as consecuencias que o desacordo podía producir.

Despois de coñecer as demandas e posicionamento das partes e solicitar os informes técnicos que avalaran en todo momento as propostas presentadas, foi posible conseguir un achegamento entre a Entidade Local Menor e o Estaleiro no que se contempla basicamente unha actualización da cota de arrendamento e se clarifica o

destino das instalacións ao remate da concesión. Nesta fase, o alcalde, sempre pediu que se tivera en consideración a continuidade do centro de traballo e aos 17 empregados que a día de hoxe ten contratados o Estaleiro.



No pasado mes de decembro redactouse un principio de acordo que daba satisfacción á Corporación da Entidade e que foi aceptada pola empresa. A partir deste momento, Antonio Lomba, sentou na mesma mesa ao administrador de Estaleiros Joaquín Castro e ao equipo de goberno da Entidade Local Menor de Camposancos para

axustar as posturas, xa moi próximas, e conseguir un documento definitivo de acordo que os servizos xurídicos das partes converterán nun contrato que, unha vez asinado, terá vixencia polos próximos 30 anos.

Antonio Lomba ao igual que a empresa e a Entidade amosáronse moi satisfeitos de ter chegado a este entendemento: polo mantemento dun importante centro de traballo en Camposancos, polos empregos que xera, e porque permitirá que se regularice unha relación que ata agora estaba rexida por un contrato obsoleto asinado fai xa 60 anos.

O Concello da Guarda celebrou un pleno xuvenil con alumnos e alumnas do IES A Sangriña



O venres 27 de xaneiro, pola mañá, a casa do Concello da Guarda recibiu no seu Salón de Plenos a uns representantes municipais moi especiais. Os alumnos e alumnas dos cursos de 1º e 2º da ESO do IES A Sangriña acudiron para participar nun pleno xuvenil organizado pola Concelaría de Educación.

O alcalde da Guarda, Antonio Lomba, foi o encargado de dar a benvida aos rapaces e inaugurar este pleno xuvenil. Dende o ano 2007 o concello ofrece esta posibilidade aos colexios da vila para que, por un día, os alumnos e alumnas podan ver como funciona un pleno e ser os protagonistas do mesmo. Ademais, o alcalde aseguroulles que se terían en conta as diversas e ambiciosas propostas que estaban incluí-

das na orde do día e recordoulles, antes de dar comezo ao pleno, que as portas da Casa do Concello están sempre abertas e que poden acudir cando o desexen.

Durante o pleno os alumnos e alumnas fixeron a labor de equipo de goberno e de representantes municipais, ademais de acudir como público. Os representantes dos partidos políticos presentaron durante a mañá as diversas propostas e, entre os temas que se trataron na orde do día houbo asuntos tan variados como a compostaxe doméstica, a limpeza das rúas e praias, as melloras e reformas do mobiliario urbano e das instalacións deportivas e de recreo, a rede de WiFi gratuita da vila ou a iluminación viaria, entre outros.



CULTURA

Entrevista por Pilar Martínez

Entrevista | Francisco Castro, escritor, editor e director xeral da editorial Galaxia

“A Xunta de Galicia faría un gran favor se decidise que o Día das Letras Galegas fose un día de festa pero laboral”

O editor Francisco Castro (Vigo, 1966) ademais de ser un escritor de renome, vén de ser nomeado recentemente director xeral dunha das editoriais emblemáticas, Galaxia, en substitución de Víctor Freixanes. Estas circunstancias lévanos a manter unha conversa con el, co obxectivo de que nos comente os principais proxectos a curto e medio prazo na editorial, así como a súa visión da situación actual da cultura en Galicia.

- En primeiro lugar, quero felicitalo polo seu nomeamento como director de Galaxia. Podemos pensar que esta decisión responde a un desexo de renovación e mirar cara o futuro. Como o vive vostede, como o interpreta persoalmente?

Moitas grazas. Si, é un exercicio de renovación xeracional. Teño 50 anos, que é a idade que tiña Víctor Freixanes cando chegou á dirección xeral de Galaxia. Co seu traballo prodúcese un salto cualitativo moi grande desta casa cara a modernidade. E eu o vivo con moitas sensacións que parecen distintas pero son a mesma. Vivoo como un orgullo, porque para calquera editor profesional deste país, dirixir a editorial Galaxia, probablemente é o máis alto que se pode desexar. E logo cunha enorme felicidade dende o punto de vista persoal, porque é un reto precioso; e cun gran sentido da responsabilidade. Galaxia non é unha editorial sen máis, temos como forma xurídica unha sociedade anónima, pero non somos unha editorial sen máis. Non é esaxerado dicir que somos a institución cultural, non oficial, máis sólida que existe en Galiza.

- Esta perspectiva fiaría coa “batalla optimista” da que vostede ten falado en diversas ocasións. Como defende esa liña á fronte da editorial?

Creo que non nos queda outra. Dende o inicio da crise pechan moitas librerías, as axudas institucionais nin están nin se lle esperan moito. E habendo 4 millóns de parados un dos primeiros consumos que se resen-ten é o consumo cultural e sobre todo o consumo cultural en ga-

lego. Temos uns índices de lectura absolutamente vergoñentos no Estado español, por moito que os políticos desde Madrid sigan falando da saída da crise. Pero o nivel de benestar dunha sociedade haino que medir polo número de bibliotecas que hai, polo número de librerías que hai abertas, polos libros que se

twitter e ve xente celebrando que Amancio Ortega sexa un dos máis ricos do mundo, como se iso nos beneficiara aos cidadáns normais e correntes. Sen embargo, non damos presumido dos nosos creadores e creadoras, que no caso concreto da literatura están facendo unha literatura de moi alto nivel con recoñecimen-

Nos países civilizados, en América Latina, no norte de Europa, directamente o IVE cultural non existe. Que o IVE cultural fora do 21 por cento era unha manobra clara e descarada para evitar o consumo de cultura. É necesaria toda unha revolución cultural a prol da dignificación da cultura. Isto faise desde a es-

tencións. Eu quero que Galaxia, ademais de ser a casa dos clásicos e dos autores e autoras consagrados, sexa unha fiestra aberta por todas partes para que haxa unha corrente de renovación importante. Isto tamén se nota no plan editorial deste ano, onde vai haber moitas voces novas, que debutan. Por exemplo, a finais deste mes saíran os tres primeiros títulos da colección literaria deste ano: o Premio Blanco Amor, que este ano o gañou Miguel Anxo Fernández; e dúas autoras novas, Ana Caba-leiro e Enma Pedreira. Na nómina de autores e autoras de Galaxia hai unha pluralidade de voces da que eu, como editor, me sinto especialmente satisfeito.

- Hai un mes constituíase Mar Maior en Arxentina. Semella un proxecto ambicioso, como se está a desenvolver neste momento?

Con todas as dificultades que ten montar un proxecto novo pero coa constancia necesaria para que teña éxito. Na Feira do Libro de Bos Aires do ano pasado, onde Santiago era a cidade convidada, foi a presentación en sociedade do proxecto Mar Maior. Feita a festa inicial, agora toca poñer os pés no chan e xa está constituída formalmente a empresa, na que nós temos a maioría do accionariado, pero a miña idea é que sexan os compañeiros e compañeiras de alí os que lideren a edición dos títulos que publicaremos alí. Van ser libros en clave galega e dirixidos á colectividade galega e aos descendentes que seguen necesitando ese cordón umbilical, e a través da literatura pódese facer.

- A convivencia entre o libro de papel e o formato electrónico é un feito, e aínda que non semella fácil a relación, é evidente que nela está o presente e o futuro inmediato. Como o afronta vostede desde a editorial?

Temos que afrontalo con realismo. Onte lía un artigo moi gráfico no seu titular, algo así como “Por que o ebook non deu o sorpasso ao papel”. E non é só que non llo dera, senón que está



len... Nesta situación que comina ao desánimo só hai unha posibilidade para saír, que é o entusiasmo, a batalla optimista. Cando os primeiros fundadores, nos anos 50, no franquismo máis duro, montan a editorial Galaxia eles si o tiñan complicado. Nós non o temos tan complicado. Se eles puideron, nós tamén podemos.

- Máis dun 37% da poboación di que non leu ningún libro no último ano. Porén semella que as letras galegas viven unha época dourada, xa que se están publicando títulos fantásticos, entre as que figuran as súas obras, e as de outras autoras. Como podemos explicar esta dicotomía curiosa?

É unha traxedia que teñamos unha produción cultural das artes escénicas, da música e da literatura, de tan altísimo nivel e que a sociedade galega en xeral viva de costas. Un abre o

tos internacionais moi potentes e cunha presenza moi forte noutras latitudes lingüísticas. O problema é que temos uns índices de lectura moi baixos e unha absoluta despreocupación política por esta cuestión. Non está na axenda política a cuestión cultural e moito menos a lectura. Queda moi bonito en campaña electoral; todos os partidos de todo o espectro político tócanos aos escritores e editores para que quedemos ben na foto. Pero despois non están para nós. Agás algunha política amiga miña, xa retirada, de enorme cultura e intelixencia, en xeral a clase política é especialmente inculta, polo tanto non teñen o libro como un dos seus intereses.

- Neste sentido ten comentado que o problema é que “non se percibe ler como un valor”. Como encauzaría vostede unha hipotética solución?

cola, coa baixada do prezo dos libros, e obrigando aos medios de comunicación a ocuparse da cultura, por exemplo. Malia ser eu o director xeral dunha empresa editorial, sempre poño o acento non na necesidade de vender libros, senón na necesidade de que a xente lea. Se a xente le, a xente vai mercar libros. Se a xente sabe apreciar a música, máis alá dos reality parvos da televisión, van ir aos concertos.

- A principios de xaneiro explicaba nunha entrevista que esperaba que en breve se notasen algúns cambios pola súa chegada á dirección xeral de Galaxia. En que fase están proxectos como o Premio Illa Nova de Narrativa?


O Premio Illa Nova acaba de lanzarse e cóstanos que hai escritores e escritoras novas moi ilusionados e traballando. Este premio é unha declaración de in-

...ven da páxina anterior

en franco retroceso. Dende hai dous anos, a venda de ebooks é a baixa, e o que sentimos no Estado español é que hai unha certa contradición entre o aumento da lectura dixital e a venda de produto dixital. Isto, traducido, quere dicir que se vende moito e se vende de balde. O ebook non termina de arrancar porque na industria editorial non vemos un modelo de negocio claro. Primeiro polo costume do pirateo e a falta de vontade política de erradicalo. Ademais a xente non ten asumido que igual que se paga por ir ver o Celta tamén hai que pagar por consumir cultura. Pero a miña ambición é que, nun prazo razoable, todo o que é literatura non infantil poida saír ao mesmo tempo en papel e en formato electrónico.

- Por que considera negativo para a cultura galega o feito de que o Día das Letras Galegas sexa festivo?

Penso que desactiva a mobilización. No Día das Letras Galegas só hai un gran beneficiado do feito de que sexa festivo, que son as axencias de viaxes, que teñen un paquete marabilloso que se chama "Día de las letras gallegas". Ao ser festivo, pillarnos en primavera e dado o moito que traballamos, é un convite a coller o coche e marchar á praia ou o



monte, non para gravitar e organizarnos socialmente nunha festa arredor do libro. Coma sempre o modelo é o San Jordi Catalán, onda toda a sociedade o ten como un gran día, un día laboral, pero no que hai que destinar parte das enerxías e do tempo ao mundo do libro e do libro en catalán. Creo que a Xunta de Galicia faríanos un gran favor, xa non as editoriais

ou os libeiros, senón ao país enteiro, decidindo que sexa un día de festa pero laboral.

- Precisamente o Día das Letras Galegas deste ano está dedicado a Carlos Casares, que foi director de Galaxia de 1986 a 2002. Como conmemora a editorial este acontecemento tan relevante?

O Día das Letras Galegas é crucial para as editoriais e todos

facemos un esforzo terrible, no sentido positivo de actualizar as obras e sacar produtos interesantes. Obviamente cando o ano pasado recibimos a nova de que o 2017 sería para Carlos Casares a nosa ledicia foi inmensa, porque ademais de ser Carlos Casares un dos autores máis importantes da literatura galega, non se entende Casares sen Galaxia, nin Galaxia sen o traballo de Carlos Casares. Isto implica, para nós, reactualizar toda a súa obra. Ademais vaise publicar a biografía escrita por un amigo íntimo, como é Henrique Monteagudo, así como libros que recuperan textos dispersos de Carlos Casares, xa que foi un autor moi prolífico. E a día de hoxe temos xa previstas dúas campañas de animación á lectura, nas que imos mover máis de 15.000 escolares arredor da Galiña Azul. Non nos chega sen máis actualizar a Casares, temos que colocalo no seu lugar de ouro dentro da literatura galega

e para nós é crucial chegar aos primeiros lectores, xa que el creou a colección Árbore.

- Falando de escribir, supoño que neste ano ou no seguinte, vostede nos dará a alegría de ter nas nosas mans un libro seu...

Fun nomeado o 26 de decembro, e ese día non escribín, pero ao día seguinte si; e onte escribín tres horas. É dicir, teño moi pouco tempo, pero o pouco que teño é tamén para escribir, porque senón eu non sería eu. Levo escribindo desde os 14 anos, que a poesía foi o consolo para a tristura que sentía porque unha compañeira de clase da que eu namorei ela de min non, pero a min servíume para descubrir que a través das palabras era capaz de explicarme. Entón, neste 2017 non haberá novidade, porque toda a miña intensidade ten que estar ao servizo da editorial Galaxia, pero sen dúbida no 2018 haberá nova novela para o público adulto.

En primeira persoa

Quixera facerlle agora algunhas preguntas moi breves, co obxectivo de chegar os seus gustos máis persoais aos nosos lectores e lectoras.

Un libro: "A illa do tesouro", de R. L. Stevenson.

Unha canción: "Don't let me down", dos Beatles.

Un grupo musical / solista: Beatles.

Unha película: "Forrest Gump".

Un lugar para perderse: A praia da Punta.

A II Semana da Educación en Goian céntrase na intelixencia emocional

O Concello de Tomiño organiza a II Semana da Educación, centrándoa na aprendizaxe de estratexias para ensinar e aprender con intelixencia emocional e lograr, deste xeito, menos fracaso escolar.

A actividade terá lugar entre o 13 e o 16 de febreiro no Auditorio de Goián en horario de tarde, ás 19.00 hs.

Mar Romera, presidenta da Asociación Pedagóxica Francisco Tonucci, será a encargada de inaugurar, o día 13 ás 19.00 horas, as conferencias.



Mestra, psicopedagoga e especialista en intelixencia emocional, é autora do modelo

"Educar con tres Cs: capacidades, competencias e corazón", así coma diversos libros dedicados á escola, á infancia e á didáctica activa.

Antonio Lafuente García (Granada), investigador científico do Centro de Ciencias Humanas e Sociais (CSIC), será o encargado de impartir a segunda conferencia,



o martes 14 de febreiro. Abordará o tema da pedagogía da escoita e a importancia de desaprender conceptos e metodoloxías erróneas, facendo fincapé na democratización do coñecemento, software libre, etc.

Begoña Ibarrola (Bilbao), licenciada en Psicología, tera-

peuta infantil, investigadora, escritora e docente, terá ao seu cargo a terceira conferencia, o mércores 15. Coautora dos Pro-



gramas de Intelixencia Emocional "Sentir e Pensar", dirixidos a Educación Primaria e Secundaria, e autora da integración curricular da Educación Emocional nos libros de texto, propondrá transcender a visión puramente instrumental da educación, considerada habitualmente como vía para obter resultados e pasar exames.

Por último, Anto Recio (responsable de proxectos de Coñecemento Libre e Innovación Social en Fundecyt-Pctex), que



leva traballando varios anos en proxectos de desenvolvemento de Software Libre, será quen de pechar o ciclo de conferencias, comentando a experiencia "One laptop per child" (Un ordenador por neno/a), creado pola Universidade MIT de Estados Unidos, co

fin de brindar a oportunidade de acceder a internet tamén aos escolares con poucos recursos.

Esta última charla terá lugar o xoves 16 de febreiro no auditorio goianés.

Sandra González, alcaldesade Tomiño e responsable de Educación no Concello, salienta o compromiso do goberno que preside, por contribuír a conseguir unha educación de calidade, non so no que se refire aos resultados académicos, senón e especialmente, na metodoloxía utilizada.



NOVAS DA RAIA

Autarcas defenden abertura mais cedo a pesca da lampreia a montante do rio Minho

Autarcas de Monção e Salvaterra de Miño, Augusto de Oliveira Domingues e Arturo Grandal, defendem que a pesca à lampreia nas pesqueiras, com início no dia 15 de fevereiro, deve iniciar-se mais cedo. E disso tem dado conta aos comandantes das capitânias de Caminha e Tui.

A pesca à lampreia a jusante do rio Minho abriu no passado dia 3 de janeiro, contudo, a captura daquele ciclóstomo a montante, feita essencialmente em pesqueiras, construções de pedra junto ao rio Minho existentes nos concelhos de Monção e Melgaço, só é possível a partir de 15 de fevereiro.

Uma diferença de mês de meio que não agrada a autarcas, pescadores e empresários da restauração, considerando, em uníssono, que é muito tarde para quem vive exclusivamente da pesca ou encontra naquela atividade um complemento económico à sua profissão.

Desta forma, todos os intervenientes na pesca da pesca, direta ou indiretamente, defendem que a abertura da pesca a montante do rio Minho deveria fazer-se mais cedo, permitindo que antes do 15 de fevereiro seja possível a comercialização e confeção da lampreia capturada nas pesqueiras.

Considerada mas gostosa e batida em virtude do trajeto entre a foz e a zona das pesqueiras, pescadores e empresários da res-

tauração alertam para a importância económica da pesca da lampreia, lamentando que a abertura tardia esteja a prejudicar o “negócio”.

A autarquia monçanense, à semelhança da sua congénere de Salvaterra de Miño, tem consciência dessa realidade e, por diferentes meios, tem feito chegar essa reivindicação aos responsáveis, procurando sensibilizá-los para uma antecipação da presente data.

“Mês e meio de diferença entre o jusante e o montante do

rio Minho é muito tempo. Penso que esta situação prejudica seriamente pescadores e restaurantes, algo que não pode acontecer” refere Augusto de Oliveira Domingues, completando:

“Tanto eu, como o Alcalde de Salvaterra de Miño, Arturo Grandal, temos falado com os comandantes das capitânias de Caminha e Tui, fazendo-os sentir a necessidade em alterar a data, encurtando o tempo entre a foz e os nossos concelhos. O dia 1 de fevereiro parece-nos uma data razoável”.

Refira-se que, entre 15 de janeiro e 15 de abril, decorre a iniciativa “Lampreia do Rio Minho – Um Prato de Excelência”. Os restaurantes de Monção que participam nesta promoção, 18 no total, tem servido lampreia de várias formas que, contranatura, tem de ser compradas fora do concelho.



Dois Espaços de Cidadão com abertura prevista para o 3º trimestre 2017

A União de Freguesias de Campos e Vila Meã e a Freguesia de Covas vão acolher um Espaço de Cidadão a partir do 3º trimestre do corrente ano, de acordo com a recente publicação da Resolução do Conselho de Ministros em Diário da República. Autarquia congratula-se com novo interface de descentralização e interação Múncipe/Administração Pública, que contribuirá para o contínuo desenvolvimento do concelho.

A instalação destes espaços únicos de atendimento ao público já tinha sido formalizada em abril de 2015, aquando da assinatura de um protocolo entre o Município e a Secretaria de Estado para a Modernização Administrativa, no período de execução do programa Portugal 2020, aguardando-se pela definição das condições agora estabelecidas.

Em Vila Nova de Cerveira foram aprovados dois Espaços de Cidadão localizados em pontos estratégicos, por um lado na Zona Industrial - Polo II pela maior concentração de pessoas com interesses diversificados e, por outro lado, na Freguesia de Covas pela distância à sede da vila.

O autarca cerveirense mostra-se satisfeito com a concretização deste projeto, que se

traduz em benefícios de desburocratização, desmaterialização e oferta de um excelente serviço de proximidade aos munícipes cerveirenses, empresas instaladas e trabalhadores. Realçando a colaboração e o en-



volvimento das juntas de freguesia onde ficarão sediados estes serviços, Fernando Nogueira enaltece “a importância de uma administração pública mais ágil e mais próxima, procurando corresponder às necessidades das populações”.

O Espaço do Cidadão é um posto único de atendimento que reúne serviços de diferentes entidades, através de atendimento digital assistido. Ali são disponibilizados mais de 170 serviços, sendo possível tratar a Carta de Condução, solicitar nova senha ou caderneta predial junto da Autoridade Tributária, apresentar despesas junto da ADSE, tratar de assuntos relativos a emprego e formação profissional, alterar a morada do CC, solicitar o Cartão Europeu de Seguro de Doença, entre outros.

O Museu Nacional da Imprensa promove Concurso Nacional Textos de Amor

O Museu Nacional da Imprensa promove, a partir do dia 13 de fevereiro, o Concurso Nacional Textos de Amor Manuel António Pina, em homenagem ao jornalista e escritor vencedor do Prémio Camões 2012.

A iniciativa, especial para o Dia dos Namorados, prolonga-se até 19 de fevereiro (domingo) em busca de textos de amor originais. O mel-

hor será premiado com uma viagem à Madeira para duas pessoas.

Durante a “semana dos namorados”, o Museu estará aberto à receção de textos especiais alusivos ao amor e os visitantes poderão imprimir, nos prelos-reliquia, poemas de diversos autores: Camões, Bocage, Florbela Espanca, Eugénio de Andrade e Manuel António Pina.


Dirigido aos cidadãos portugueses de qualquer idade, o concurso vai premiar os melhores textos concorrentes, em poesia ou prosa. Os prémios englobam viagens (à Madeira e cruzeiro no Douro), livros, jantares a dois e garrafas de vinho do Porto.

O Museu Nacional da Imprensa pretende, com esta iniciativa, que promove desde 2001, estimular a re-

velação de novos autores, apelando à escrita de textos de carácter amoroso. Centenas de participantes ade-

raram já às edições anteriores, de diversos pontos do país, incluindo as Regiões Autónomas dos Açores e da Madeira.

Os textos concorrentes devem ser registados num impresso próprio, disponível nas instalações do Museu e no seu sítio oficial (www.museudaimprensa.pt), a partir do dia 13 de fevereiro.





A Eurocidade Tui-Valença oferta unha trintena de actividades deportivas ao longo do ano

Unha trintena de actividades de 18 modalidades deportivas conforman o programa que para este ano 2017 oferta a Eurocidade Tui Valença no ámbito deportivo. Estes eventos foron presentados por parte do alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, o presidente da Cámara de Valença, Jorge Salgueiro, o director rexional do I.P. D. J, Instituto Português do Desporto e da Juventude, xunto aos concelleiros de Deportes de Tui, Laureano Alonso, e de Valença, José Monte, e o concelleiro da Eurocidade, Miguel Capón.

No acto o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, sinalou que a axenda deportiva de carácter transfronteirizo da Eurocidade é única en Europa, tanto polo número de eventos coma pola dimensión dos mesmos. Apuntaba que Tui e Valença teñen todos os ingredientes para que a Eurocidade se encha de contido e esta programación sexa un éxito polas relacións de veciñanza, a proximidade das dúas cidades, os dous

conxuntos histórico e valor patrimonial único, xunto á intensa vida cultural e as infraestruturas deportivas de primeiro nivel. Engadía amais Enrique Cabaleiro que a singularidade medioambiental, patrimonial, e paisaxística da Eurocidade da aos eventos deportivo un valor engadido.

Pola súa parte o presidente da Cámara de Valença, Jorge Salgueiro, afirmou que a Eurocidade é un proxecto político que se mantén porque as poboacións de Tui e de Valença así o queren, coma exemplo puña aos clubs deportivos dos dous municipios que traballan conxuntamente ao longo do ano. Nas actividades deportivas presentadas salientaba que algunha promoven hábitos de vida saudables, coma as Camiñadas da Eurocidade, e outras teñen un marcado carácter competitivo.

A primeira das actividades previstas será o I TT Eurocidade no que participarán 120 todo terreo que realizarán unha ruta de

45 quilómetros ao longo de toda a xornada. O programa complétase coa II Taça de San Teotónio (18/02) e a I Copa San Telmo (22/04) en fútbol, o II TT Eurocidade de motociclismo (25/02), a VI Eurocidade BTT(12/03) con máis de 1000 inscritos, o circuito de Andainas Saudables da Eurocidade, o III Torneo Baloncesto (8-10/04), a VI Eurocidade 10 (11/06) de atletismo, o III Torneo de Judo (17-18/06) e o IV Campionato de Kung (25/06), a VII Travesía a Nado (xuño), o II Festival Aéreo (xullo), o II Descenso en Boias (xullo), o VI Torneo de Balonmán (agosto), o IV Trofeo de Hoquei (setembro), o II Campionato de Xadrez (setembro), o IV Torneo de Tenis (setembro e outubro), o II Rallie Eurocidade (13-15/10), xunto ao IV Torneo de Baile Deportivo (novembro), o II Urban Trail Night (25/11) e a I Liga de Padel (anual), completa o amplo programa a desenvolver.

mais carenciadas, visando atenuar as consecuencias inmediatas e directas da pobreza e exclusão social.

A Gala Solidária está marcada para sábado, 18 de febreiro, pelas 19h30, no Fórum Cultural de Vila nova de Cerveira. As inscricións están a decorrer até esta quarta-feira, na Loja Interativa de Turismo, com a compra de bilhetes a 12 euros.



A Loja Social de Vila Nova de Cerveira assenta numa estratégia de intervenção social integrada direccionada para as populações

Provedor Transfronteiriço Cerveira Tomiño definido antes do verão



O Comité de Gestão Estratégica (CGE) Cerveira-Tomiño aprovou, em reunião da semana passada, a “Carta de Princípios do Provedor da Cidadania Transfronteiriça”, cuja figura estará ao dispor das populações de ambos os concelhos dentro de três meses.

Trata-se de ter um canal de cidadania aberto para auscultar as opiniões dos cidadãos de Cerveira e de Tomiño, nomeadamente queixas e recomendações em prol de uma melhoria dos serviços e/ou atividades prestados em conjunto pelas duas autarquias. O objetivo é definir uma pessoa de cada lado para que, pelo menos uma vez por semana, possa fazer atendimento ao público num espaço físico previamente identificado e divulgado.

Após a aprovação desta ‘Carta de Princípios’, cada Câmara Municipal tem de ratificar o documento em sede própria e definir as pessoas para ocupar o cargo mediante o perfil anteriormente definido, para que possa entrar em funcionamento, sob compromisso de emitir um balanço a cada seis meses.

Esta foi uma das principais decisões acertadas durante a reunião do CGE da semana passada, encarregue de supervisionar as ações integradas na Agenda Estratégica para a Cooperação. No mesmo encontro, onde marcaram presença o presidente da Câmara Municipal, Fernando Nogueira, e a alcaidesa de Tomiño, Sandra González, foi igualmente analisado o processo do orçamento Participativo Transfronteiriço, fixando medidas para melhorar o nível de participação no próximo.

Não obstante, ficou ainda validada a constituição de uma comissão promotora que ficará encarregue de executar os três projetos selecionados pelos cidadãos dos dois concelhos, bem como determinar a metodologia a utilizar pelos grupos de trabalho, para levar a cabo as ações previstas no primeiro Orçamento Participativo, nas áreas de Educação, Ação Social, Cultura e Desporto.

O CGE aprovou ainda o programa de atividades conjuntas a realizar em 2017, e cujas ações serão apresentadas publicamente num ato a celebrar no final do mês de março.

Gala Solidária a favor da Loja Social de Cerveira

A sugestão é uma noite única com jantar, música, desfile de moda e muitas surpresas, para além do sentimento incorporado de estar a contribuir para uma causa solidária.

Organizada pela Câmara Municipal, a Gala Solidária de Vila Nova de Cerveira visa não só promover o trabalho desenvolvido pela Loja Social, como angariar verbas para a compra de bens alimentares necessários aos agregados familiares mais carenciados e devidamente sinalizados do concelho.

AGENTE007.es

VOCÊ ESTÁ SENDO VIGIADO?
VOCÊ SUSPEITA DE ALGÉM?
QUER PROTEGER SEU CARRO OU SUA CASA

Nosso site tem tudo o que você precisa:

- CÂMARAS DO ESPÍO
- MICROFONES OCULTOS
- LOCALIZADORES GPS
- CÂMARAS DE SEGURANÇA

Telf: 633417007

email: info@agente007.es

www.facebook.com/agente007.es

www.twitter.com/agente007.es

Apresentado no Cine Teatro João Verde, volume dois de "Prosas e Alguns Versos de João Verde", recolha e compilação de textos de Fernando Prego, é um contributo importante para que a obra do autor de Ares da Raya fique mais completa e Monção, mais enriquecida.

"Figura de João Verde terá mais escala e visibilidade nos próximos anos"

A publicação "Prosas e Alguns Versos de João Verde II", fruto da recolha e compilação de textos de João Verde por parte de Fernando Prego, foi apresentada no sábado 11 de fevereiro, no Cine Teatro João Verde perante um público bastante interessado e interventivo que compareceu em número significativo.

Nesta sessão, englobada nos 150 anos de nascimento do poeta monçanense, realizou-se ainda a conferência "O que a Galiza mai-lo Minho devem a João Verde", da autoria de Artur Anselmo, presidente da Academia das Ciências de Lisboa. Palestra esclarecedora e elucidativa sobre o papel e influência de João Verde na literatura galaico-minhota.

Na abertura, o Vereador das Atividades Socio-culturais, Paulo Esteves, referiu que a presente publicação é "uma achega importante ao universo de João Verde" que "ajuda a compreender melhor a versatilidade literária e dimensão poética e humanista do nosso ilustre conterrâneo", contribuindo para que "a obra do autor de Ares da Raya fique mais completa e a nossa terra, Monção, mais rica".

Seguiram-se algumas novidades: "É nossa intenção dar mais

escala à figura de João Verde. Há muito a fazer. Em quantidade e em qualidade. Vamos reforçar aquilo que já temos e avançar com outras iniciativas dinamizadoras e inovadoras. Temos algumas ideias que estamos a amadurecer para transformar em projeto e, numa fase posterior, numa realidade palpável".

A propósito, deixou "um compromisso firme e sério que João Verde terá uma maior visibilidade nos próximos anos" e agradeceu o trabalho de Fernando Prego, di-



zendo: "Monção fica-lhe reconhecido pelas horas de pesquisa e investigação, pelo tempo precioso que tirou à família e pela homenagem prestada a João Verde. Obrigado por nos facultar a oportunidade de ficarmos mais esclarecidos sobre a figura e a obra de João Verde".

Valorizar universo literário de João Verde

A presença de público serviu como um incentivo extra para Fernando Prego que, bastante satisfeito com a afluência de pessoas, sublinhou as motivações que estiveram na origem desta publicação. Primeira: trazer à tona crónicas até agora desconhecidas. Segunda: juntá-las num volume para disponibilizar ao público interessado. Terceira: valorizar o brilhante universo literário de João Verde.

Um trabalho que Fernando Prego promete continuar a fazer ou, como diz, socorrendo-se de Saragamo, "vida havendo e saúde não faltando", para que seja possível disponibilizar o precioso legado do poeta maior das letras monçanenses. "O tempo há de chegar", acrescenta, desta vez, "bebendo" as palavras de Saavedra, amigo de João Verde.

E enquanto aguardamos por mais, o que podemos esperar deste volume? Na resposta, Fernando Prego referiu que há muito que ler e assimilar porque, adiantou, João Verde aborda nas suas crónicas temas variados e sempre atuais, "amparando-se", para isso, nos diferentes pseudónimos que



utilizou nos seus textos, umas vezes acutilantes, outras vezes ternurentos.

Obra literária multifacetada e universal

Na conferência "O que a Galiza mai-lo Minho devem a João Verde", Artur Anselmo sublinhou o amor à terra e a vontade de aproximação à Galiza por parte de João Verde, enaltecendo a obra multifacetada do poeta monçanense com palavras de apreço, arreatamento e admiração.

Fica uma amostra: "....a vida tranquila de uma vila de província e dos seus habitantes desliza agilmente nas suas crónicas, muitas vezes, sobressaltadas por excesso de lirismo, deslumbramento perante a paisagem, grande emoção quando escreve sobre as romarias e enorme candura quando aborda tradições e um passado grandioso que existe na sua sen-

sibilidade de poeta e coração monçanense".

Na apresentação da obra, Henrique Barreto Nunes, antigo diretor da Biblioteca Pública de Braga, enalteceu a sensibilidade universal e criatividade do poeta, realçando a forma mordaz, assertiva e brejeira na hora de escrever. Destacou a sua obra literária, em poesia e prosa, como uma referência obrigatória no contexto literário da região transfronteiriça.

Contrariamente ao primeiro volume, que "guarda" apenas crónicas inseridas no jornal "O Regional", este segundo volume apresenta textos e poemas que João Verde assinou em outros periódicos e revistas (O Alto Minho, Independente, Branco e Negro, Almanaque Vianense) através dos pseudónimos Marcos de Portela, Brás Inácio, Fernão Menino, Rip e João Seco.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓNES COAS INSTITUCIÓNES PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B - 36860 PONTEAREAS - T. 986 66 00 00 - F. 986 66 01 03